**CONCELLO DE VIGO**
Expte. 2127/1102

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 17 de xullo de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Mª José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día dezasete de xullo de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamé presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(601).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de xullo de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(602).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA «ASOCIACIÓN DOA SAÚDE MENTAL» (ANOS 2026-2029). EXPTE. 298683/301**
Visto o informe xurídico do 23/06/2026 e o informe de fiscalización do 09/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/06/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

I. INFORME

I.1. A “Asociación DOA Saúde Mental” (antes: *“Asociación de axuda ó enfermo mental DOA”*) é unha entidade sen ánimo de lucro que leva traballando desde 1987 no tratamento e mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias. Ten como obxectivos, entre outros, promover aquelas intervencións na área de saúde mental non cubertas polas institucións existentes, procurando unha mellor relación entre o enfermo mental e o seu medio familiar, social e laboral.

A súa finalidade é a de acadar a normalización social en saúde mental, o axuste persoal, laboral e familiar das persoas que padecen estas doenzas e dar á sociedade un mellor coñecemento sobre a saúde mental a través do desenvolvemento das súas actividades no sur da provincia de Pontevedra e, sobre todo, na cidade de Vigo e na Península do Morrazo.

Para o cumprimento deses obxectivos e finalidade, DOA ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio e rehabilitación psicosocial, laboral e familiar, programas de pisos tutelados, servizos de información, orientación e asesoramento, sensibilización social, formación, centros de rehabilitación psicosocial, etc.

I.2. Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación DOA Saúde Mental” para o desenvolvemento dun programa de obradoiros para persoas con problemas de saúde mental sen recurso alternativo, no periodo 2026-2029.

I.3. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.4. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.6. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.7. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 – *"Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos DOA"*, por un importe de 10.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia": Convenio asociación axuda enfermos psíquicos DOA*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.8. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescripcións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación DOA para o novo periodo 2026 – 2029, dando continuidade así ós subscritos anteriormente para os periodos 2019 – 2021 (Exp. n.º 181287/301) e 2022 – 2025 (Exp. n.º 233562/301).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o Informe/Memoria xustificativa da Xefa do Servizo, a orde de inicio do expediente da Concelleira de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DOA SAÚDE MENTAL” PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE OBRADOIROS PARA PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL SEN RECURSO ALTERNATIVO – ANOS 2026-2029» (Exp. n.º 298683/301).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 40.000€, a razón de 10.000€/ano, en concepto de subvención directa á “Asociación DOA Saúde Mental” (CIF Nº G-36044295), con cargo, no exercicio de 2026, á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 – *“Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos DOA”.* As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*“Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia”: Convenio asociación axuda enfermos psíquicos DOA*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (**http://transparencia.vigo.org**) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha *“convocatoria instrumental”* e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

<u>CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DOA SAÚDE MENTAL" PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE OBRADOIROS PARA PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL SEN RECURSO ALTERNATIVO – ANOS 2026-2029</u>

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

Dª. Mª José Aldao Almeida, con DNI nº ***4431**, Presidenta da "Asociación DOA Saúde Mental", CIF nº G-36044295, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 84 de Vigo.

INTERVEÑEN

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

Dª. Mª José Aldao Almeida, actuando en representación da "Asociación DOA Saúde Mental", segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo adoptado na reunión da súa Asemblea Xeral do 03.11.2025, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a "Asociación DOA Saúde Mental" (antes: *"Asociación de axuda ó enfermo mental DOA"*) é unha entidade sen ánimo de lucro que leva traballando desde 1987 no tratamento e mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias. Ten como obxectivos, entre outros, promover aquelas intervencións na área de saúde mental non



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

cubertas polas institucións existentes, procurando unha mellor relación entre o enfermo mental e o seu medio familiar, social e laboral.

A súa finalidade é a de acadar a normalización social en saúde mental, o axuste persoal, laboral e familiar das persoas que padecen estas doenzas e dar á sociedade un mellor coñecemento sobre a saúde mental a través do desenvolvemento das súas actividades no sur da provincia de Pontevedra e, sobre todo, na cidade de Vigo e na Península do Morrazo.

Para o cumprimento deses obxectivos e finalidade, DOA ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio e rehabilitación psicosocial, laboral e familiar, programas de pisos tutelados, servizos de información, orientación e asesoramento, sensibilización social, formación, centros de rehabilitación psicosocial, etc.

Figura inscrita no Rexistro de Asociacións da provincia de Pontevedra co nº 1987/001524-1 (PO) e foi declarada de Utilidade Pública por Orde do Ministerio do Interior do 22.03.2001. Figura tamén inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co nº 00054-88 e no RUEPSS (E-0095).

II.- Que, dentro das referidas actividades estatutarias, DOA leva a cabo diversos programas, como o que é obxecto deste convenio, que ten como obxectivo xeral o fomento da autonomía persoal das persoas con problemas de saúde mental e a vinculación co servizo mediante obradoiros xerais de fomento das capacidades, obradoiros para potenciar o emprego de novas tecnoloxías e actividades de tempo de lecer encamiñadas ó coñecemento da cidade e do seu contorno na procura dunha interacción coa sociedade en xeral.

III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade afectadas por enfermedades mentais que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias; recursos que constitúen un complemento dos servizos dos que dispón o Concello de Vigo.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).
A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;*

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente para o ano 2026 nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello



Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

de Vigo a favor da "Asociación DOA Saúde Mental" para o desenvolvemento do seu programa de obradoiros para persoas con problemas de saúde mental sen recurso alternativo, para o periodo 2026-2029.

SEGUNDA.- Para estes efectos, DOA comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social no desenvolvemento do mencionado programa de obradoiros, que se desenvolverá durante os anos 2026, 2027, 2028 e 2029 de acordo cos obxectivos, previsións e cronograma que figuran no Proxecto presentado pola Asociación e que consta no Exp. nº 298683/301.

TERCEIRA.- DOA comprométese tamén a:

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos/as especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do obradoiro, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

–Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade DOA unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe de 10.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 40.000€. O gasto de 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 – *"Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos DOA"*.

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia": Convenio asociación axuda enfermos psíquicos DOA*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

- No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior[1]. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

- O 50% restante, unha vez xustificados os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais (pagadas) ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria de actuación. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias participantes nas actividades executadas en virtude deste Convenio.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2026-2029).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

1 A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas participantes nos diferentes obradoiros incluídos no proxecto subvencionado.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimiento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous/dúas representantes de DOA e dous/dúas representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estructura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluirá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluirse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó periodo 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó *"estampillado"* de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social.

A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

S.ord. 17/07/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais.

As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

**3(603).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E AS ENTIDADES SOCIAIS "ALBORADA", "AMAINA" E "ÉRGUETE" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS (2026-2029). EXPTE. 296911/301**

Visto o informe xurídico do 08/06/2026 e o informe de fiscalización do 09/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 05/06/2026, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. O obxecto deste Convenio é a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política Social do Concello de Vigo e as entidades sociais (ONG) integrantes da "Comisión técnica de Prevención" do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS (2026-2029)».



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

I.2. Ata o exercicio de 2017 os programas e actividades de prevención eran obxecto de contratación anual (contratos menores) coas entidades participantes no PLDA. No ano 2018 plantexouse a conveniencia de desenvolver eses programas de prevención de forma máis planificada e cun horizonte temporal de catro (4) anos través da colaboración con ditas entidades sociais, o que se materializou no Convenio aprobado pola XGL na súa sesión ordinaria do 14.06.2018: *«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS "ALBORADA", "AMAINA" E "ÉRGUETE" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2018 – 2021»* (Exp. nº 154891/301), que foi asinado polas partes o 12.07.2018.

En 2022 aprobouse, só para ese exercicio, un convenio de colaboración con esas mesmas entidades sociais (XGL do 05.05.2022; Exp. nº 232688/301: asinado o 19.05.2022). O 17.04.2023 asinouse un novo convenio de colaboración para a anualidade de 2023, tramitado no Exp. nº 248919/301 e aprobado na XGL do 13.04.2023. En 2024 o convenio formalizouse entre as partes no mes de abril, logo de ser aprobado pola XGL en sesión do 05.04.2024 (Exp. nº 262026/301). En 2025 o convenio para ese exercicio foi aprobado pola XGL o 31.03.2025 e subscrito o 04.04.2025 (Exp. nº 277974/301). Para dar continuidade a ese labor de prevención no ámbito das adiccións faise necesario tramitar e aprobar un novo convenio para o periodo 2026-2029.

I.3. Propónse, efectivamente, que a vixencia deste Convenio sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.4. Os obxectivos xerais deste Programa de prevención son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas adiccións, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución.

I.5. A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas Fichas que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se conteñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

I.6. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de PREVENCIÓN que leven a cabo nos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe total de 106.800€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 427.200 €.

En 2026 a achega municipal poderá imputarse ás aplicacións orzamentarias núms. 2310.480.00.14 (*"Convenio Amaina"*: 24.300€), 2310.480.00.16 (*"Convenio Alborada Asociación"*: 45.000€) e 2310.480.00.15 (*"Convenio Érguete-Asociación"*: 37.500€) e, de ser o caso, á súa bolsa de vinculación.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias": Convenio entidades PLDA Érguete, Amaina, Alborada*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.7. O evidente interese social na implementación na nosa cidade dun programa plurianual de prevención en materia de adiccións promovido por este Concello, en congruencia co establecido na L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas e na L.6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas, en estreita colaboración coas entidades sociais mencionadas, xustifica o outorgamento das subvencións nominativas previstas no orzamento municipal e no vixente PES.

I.8. As entidades «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» son ONG que forman parte da *"Comisión técnica de prevención"* do PLDA, figuran inscritas no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), contan con experiencia acreditada na organización e impartición desta clase de actividades e son as que se manifestaron interesadas en colaborar co Concello de Vigo na implementación deste programa de actividades de prevención.

I.9. O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- O primeiro 50% da achega anual (53.400€) aboarase á sinatura do Convenio.

- Efectuarase un segundo pagamento polo importe (a maiores dese 50%) correspondente ás actividades realizadas e xustificadas polas entidades a 30 de xuño de cada un dos catro exercicios. Este pagamento intermedio resulta necesario para poder xustificar en prazo a subvención anual que concede a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos para o periodo 2025 - 2028 [1].

- Un pagamento final, polo importe restante, unha vez xustificada a realización ou previsión de realización de todas as actividades programadas. En todo caso, esta xustificación final presentarase antes do 1 de novembro de cada anualidade.

Estes pagamentos realizaranse de acordo coa previsión de actividades a desenvolver por cada unha das entidades participantes (Vid. Cadro Base Oitava do Convenio).

1 Orde do 13 de novembro de 2025, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG n.º 226, do 21.11.2025).



Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

I.10. Tal como se recolle no propio Convenio, para o caso de que durante a súa vixencia se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente previsto; o que deberá recollerse nunha *Addenda*, na que tamén se incluirá a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

I.11. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, a Memoria xustificativa, a orde de inicio de expediente da Concelleira de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS "ALBORADA", "AMAINA" E "ÉRGUETE" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS (2026-2029)» (Exp. nº 296911/301).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 427.200€, a razón de 106.800€/ano, con cargo, no exercicio de 2026, ás aplicacións orzamentarias núms. 2310.480.00.14 (*"Convenio Amaina"*: 24.300€), 2310.480.00.16 (*"Convenio Alborada Asociación"*: 45.000€) e 2310.480.00.15 (*"Convenio Érguete-Asociación"*: 37.500€) e, de ser o caso, á súa bolsa de vinculación. As achegas correspondentes ós exercicios de 2027, 2028 e 2029 estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias": Convenio entidades PLDA Érguete, Amaina, Alborada*) no Plan Estratéxico de Subvencións (PES).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (**http://transparencia.vigo.org**) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha *"convocatoria instrumental"* e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS "ALBORADA", "AMAINA" E "ÉRGUETE" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS (2026 – 2029)

En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra,

D. José Ignacio Jiménez Pereira, con DNI nº ***99.80**, Presidente da "Asociación ciudadana de lucha contra la droga ALBORADA", CIF nº G-36624963, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Isaac Peral nº 8, CP 36201 de Vigo.

D.ª Paula González González, con DNI nº ***1805**, presidente/a da «Asociación para la promoción de la salúd, "AMAINA"», con NIF G-27802818 e domicilio social na rúa Marín nº 1 (CP 36209).

D.ª Sonia Fernández Vilar, con DNI nº ***5235**, Vicepresidenta da Asociación "ÉRGUETE - Prevención e Intervención en condutas adictivas", CIF nº G-36.642.726, con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior (CP 36205).



Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

INTERVEÑEN

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D. José Ignacio Jiménez Pereira, actuando en representación da Asociación ALBORADA, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo da Asemblea Xeral do 12.05.2026, asegurando a persoa comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Dª. Paula González González, en nome e representación da «Asociación para la promoción de la salúd, “AMAINA”», segundo resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D.ª Sonia Fernández Vilar, actuando en representación de “ÉRGUETE - Prevención e Intervención en condutas adictivas”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada o 02.06.2026 (Doc. nº 260137966), asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/as comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesarias para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, o Concello de Vigo pode promover as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da L.7/1985; LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II. A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas, parcialmente derrogada pola L.6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas, recolle as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

III. A PREVENCIÓN do consumo de drogas é o ámbito clave sobre o que se apoia a «Estratexia Nacional sobre Drogas», así como o «Plan de Trastornos Adictivos de Galicia». Considérase que a prevención é a ferramenta básica para evitar ou retrasar o inicio no consumo de drogas. A nivel xeral, os OBXECTIVOS fundamentais da PREVENCIÓN son:

1) Promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas.
2) Potenciar o desevolvemento integral das persoas.
3) Fomentar as capacidades e habilidades persoais que faciliten actitudes e comportamentos de rexeitamento diante da oferta de drogas.
4) Reducir a idade de inicio no consumo de drogas.
5) Ofrecer alternativas de vida e lecer saudables.

Recoñécense tres NIVEIS DE ACTUACIÓN a nivel preventivo:

a) *Prevención universal*, que comprende accións dirixidas á poboación xeral independentemente do nivel de risco ó que estea sometida.

b) *Prevención selectiva*, que abrangue as actuacións destinadas a unha poboación en situación de vulnerabilidade ou risco.

c) *Prevención indicada*, dirixida de forma específica ás persoas que están sometidas a situacións de alto risco en relación co consumo de drogas ou que xa experimentaron con elas e presentan condutas problemáticas asociadas ó abuso das mesmas.

IV. Como se expresa na L.6/2025, do 23 de decembro, o consumo de substancias psicoactivas e as adiccións sen substancia representan un problema de saúde pública de primeira magnitude, que afecta especialmente ás persoas menores de idade polo seu maior risco e vulnerabilidade e o grave impacto que estas condutas teñen na súa saúde física e mental e no seu desenvolvemento educativo, social e persoal, con repercusións prolongadas no tempo.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

As adiccións son un fenómeno social moi complexo, tendo en conta a diversidade de factores que inciden nel así como a gran cantidade de grupos de poboación que se ven afectados. Os programas e actuacións preventivas deben ter en conta unha serie de contextos ou elementos que son fundamentais para obter os mellores resultados. Desde esta perspectiva, é necesario facer fincapé na prevención en diferentes ÁMBITOS: escolar, familiar, xuvenil (lecer e tempo libre), laboral e comunitario.

V. O Concello de Vigo prestou servizos sociosanitarios durante máis de 40 anos ás persoas drogodependentes a través da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) e da Unidade de Dia (UD) do "Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias" - CEDRO, desenvolvendo desde 1984 unha política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social (promoción e reinserción social das persoas usuarias).

Con data 01.01.2026, este dispositivo sociosanitario foi definitivamente transferido ó SERGAS (Decreto 127/2025, do 29 de decembro, da Consellería de Sanidade, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas unidades asistenciais de atención a drogodependencias de titularidade municipal existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia), pero o Concello conta cun «Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións» (PLDA), en proceso de revisión, no que se propoñen os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local. No ámbito da PREVENCIÓN e ó abeiro do PLDA leváronse a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Campañas de sensibilización e información dirixidas á poboación xeral e ás familias sobre os riscos asociados ó consumo de substancias e outras condutas adictivas.
- Proxectos de prevención no ámbito educativo.
- Proxectos de prevención nos lugares de consumo de substancias ilegais e alcohol.
- Implicación dos axentes sociais en actividades de prevención laboral.
- Posta en marcha dun sistema de atención, información e asesoramiento persoal a nivel comunitario.
- Desenvolvemento de accións formativas dirixidas a colectivos específicos en risco.

VI. O que se quere implementar agora pola Área de Benestar social, de forma planificada para o periodo 2026 – 2029, son os diversos Programas de PREVENCIÓN de adiccións a través da colaboración concertada con entidades sociais participantes no Plan, formalizada nun convenio administrativo.

Todas elas son ONG que forman parte da súa "Comisión técnica de prevención", figuran inscritas no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia e contan con experiencia acreditada na organización e impartición desta clase de actividades.

VII. En concreto, as actividades programadas para impartir por parte de «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» durante 2026 serían as seguintes:

**Ámbito Escolar:**

- "Información - sensibilización" (prevención universal)
- "Non pasa nada, ¿pasa algo?" (prevención selectiva)



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

- "Odisea" (prevención selectiva)

**Ámbito familiar:**

- "Máis que un teito" (prevención universal)

Ámbito xuvenil:

- "Activa" (prevención universal)

**Ámbito comunitario:**

- "Formación de mediadores/as sociais en prevención" (prevención universal)
- "Información - sensibilización" (prevención universal)
- "Información-sensibilización en clubes deportivos" (prevención universal)

Durante a vixencia do Convenio, os anteriores cursos/actividades -que se axustan ós do catálogo da Consellería de Sanidade- poderán ser obxecto de modificación ou substitución por outros/as semellantes en función dos resultados obtidos, de necesidades novas ou doutras circunstancias debidamente xustificadas.

VIII. O presente convenio de colaboración contempla, coas debidas adaptacións, as prescricións básicas que sinala a Base nº 40 das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo relativas a competencias de aplicación, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de formalizar os termos da colaboración para a execución deste programa municipal, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política Social do Concello de Vigo e as entidades sociais (ONG) integrantes da "Comisión técnica de Prevención" do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS (2026-2029)».

SEGUNDA.- Os obxectivos xerais deste Programa de PREVENCIÓN son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas adiccións, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución. Trátase tamén de aumentar as capacidades e habilidades persoais de resistencia á oferta e ós determinantes dos comportamentos problemáticos relacionados coas adiccións mediante a aplicación de programas acreditados de prevención universal, selectiva e indicada nos ámbitos familiar, educativo e extraescolar, mellorando a capacitación dos axentes implicados, especialmente no desenvolvemento de factores de protección, a detección precoz e a abordaxe inicial.

TERCEIRA.- A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas FICHAS que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

contеñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

CUARTA.- As entidades sociais colaboradoras comprométense a:

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos/as especialistas en PREVENCIÓN de adiccións. Poderán contratar a cantas persoas crean adecuadas para a correcta execución das actividades, suxeitándose ás condicións laborais aplicables.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

–Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

QUINTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de PREVENCIÓN que leven a cabo nos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe total de 106.800€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 427.200 €. En 2026 a achega municipal poderá imputarse ás aplicacións orzamentarias núms. 2310.480.00.14 (*"Convenio Amaina"*: 24.300€), 2310.480.00.16 (*"Convenio Alborada Asociación"*: 45.000€) e 2310.480.00.15 (*"Convenio Érguete-Asociación"*: 37.500€) e, de ser o caso, á súa bolsa de vinculación.

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias": Convenio entidades PLDA Érguete, Amaina, Alborada*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

SEXTA.- O Concello de Vigo non asume ningún outro compromiso distinto dos recollidos expresamente neste convenio. O persoal adscrito polas entidades participantes á súa execución en ningún caso terá vinculación xurídico-laboral con esta Administración.

SÉTIMA.- Para o caso de que durante a vixencia do Convenio se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente previsto; o que deberá recollerse nunha *Addenda*, na que tamén se incluirá a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

OITAVA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- O primeiro 50% da achega anual (53.400€) aboarase á sinatura do Convenio.



Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

- Efectuarase un segundo pagamento polo importe (a maiores dese 50%) correspondente ás actividades realizadas e xustificadas polas entidades a 30 de xuño de cada un dos catro exercicios. Este pagamento intermedio resulta necesario para poder xustificar en prazo a subvención anual que concede a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos para o periodo 2025 - 2028 [1].

- Un pagamento final, polo importe restante, unha vez xustificada a realización ou previsión de realización de todas as actividades programadas. En todo caso, esta xustificación final presentarase antes do 1 de novembro de cada anualidade.

Estes pagamentos realizaranse de acordo coa previsión de actividades a desenvolver por cada unha das entidades participantes. Deste xeito, as cantidades correspondentes ó 50% de cada pagamento quedan do seguinte xeito:

| ENTIDADE | PROGRAMA | N.º OBRADOIROS | CUSTO UNITARIO | IMPORTE TOTAL | ENTIDADE 50% |
|---|---|---|---|---|---|
| **AMAINA**- ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE | "NON PASA NADA, PASA ALGO?-2º ESO" | 44 | 300€ | 13.200€ | **AMAINA** |
| | "ACTIVA" | 3 | 900€ | 2.700€ | |
| | "INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN-4º EDUCACIÓN PRIMARIA" | 28 | 300€ | 8.400€ | |
| | | | | **24.300 €** | **12.150€** |
| | | | | | |
| **ÉRGUETE**- ASOCIACIÓN DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS | "INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN- 6º EDUCACIÓN PRIMARIA" | 49 | 300€ | 14.700€ | **ÉRGUETE** |
| | "NON PASA NADA, PASA ALGO?-1º ESO" | 41 | 300€ | 12.300€ | |
| | "MÁIS QUE UN TEITO" | 44 | 125€ | 5.500€ | |
| | "FORMACIÓN DE MEDIADORES SOCIAIS EN PREVENCIÓN" | 5 | 900€ | 4.500€ | |
| | "INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN EN CLUBES DEPORTIVOS" | 4 | 125€ | 500€ | |
| | | | | **37.500€** | **18.750€** |
| | | | | | |

1 Orde do 13 de novembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG n.º 226, do 21.11.2025).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ALBORADA-** ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA | "NON PASA NADA, PASA ALGO?-3º ESO" | 52 | 300€ | 15.600€ | **ALBORADA** |
| | "NON PASA NADA, PASA ALGO?-4º ESO" | 40 | 300€ | 12.000 € | |
| | "ODISEA" | 23 | 300€ | 6.900€ | |
| | "INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN-5º EDUCACIÓN PRIMARIA" | 35 | 300€ | 10.500€ | |
| | | | | **45.000€** | **22.500€** |
| | | | | | |
| **IMPORTE ANUAL CONVENIO** | | | | **106.800 €** | **(50%) 53.400€** |

NOVENA.- De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que as entidades presenten previamente unha declaración responsable de non están incursas en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

DÉCIMA.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, as beneficiarias deberán comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Se o custo total das actividades subvencionadas resultase ser menor que o contemplado para a concesión das subvencións ou se reducisen na execución das actividades subvencionadas as actuacións ou elementos previstos como integrantes das mesmas, procederá a redución das subvencións na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

DÉCIMO SEGUNDA.- As entidades están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas (Art. 14.2 LPACAP) e deberán presentar a través da sede electrónica do Concello de Vigo (https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2), por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela, unha Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas, que incluirá a relación detallada das actividades impartidas por cada unha delas,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

debidamente asinada pola persoa responsable do Centro nas que se realizaron, segundo o modelo que se lles facilitará.

DÉCIMO TERCEIRA.- Sen prexuízo do anterior, a axeitada xustificación das subvencións, a realización das actividades subvencionadas e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada sempre polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, de ser o caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida as actividades subvencionadas.

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento das subvencións, as beneficiarias deberán acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedoras por resolución de procedencia de reintegro, o que poderán realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- As beneficiarias deberán facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SEXTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa das actividades subvencionadas, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro das subvencións na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso das subvencións sobre o custo da sactividades subvencionadas.

DÉCIMO SÉTIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes e surtirá efectos desde o 01.01.2026. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h] e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos, condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

DÉCIMO NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

VIXÉSIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimiento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Como mecanismo de coordinación e, de ser o caso, de solución de eventuais controversias, créase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas propios do convenio. Estará composta por un representante de cada entidade social e un número igual de técnicos municipais da Área de Benestar Social e presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área. Establecerá de común acordo as súas normas de funcionamento e corresponderánlle, entre outras, as seguintes funcións:

1) Velar polo correcto desenvolvemento do programa de prevención e as necesidades que poidan xurdir na implementación do mesmo.

2) Avaliar o cumprimento dos obxectivos propostos e, en xeral, da colaboración establecida.

3) Resolver as cuestións e controversias que poidan xurdir na execución do convenio.

Sen prexuízo da intervención previa desa Comisión mixta de Seguimento, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as beneficiarias da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- Para o caso de que as entidades participantes realicen algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberán dar a En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,
adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e da Consellería de Sanidade.

VIXÉSIMO CUARTA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades beneficiarias e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social.

S.ord. 17/07/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos.

Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais.

As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo).

Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO QUINTA.- A concesión das subvencións obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

**4(604).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE SOPORTE DUN SISTEMA DE AUTOMATIZACIÓN DE PROCESOS MEDIANTE TECNOLOXÍAS RPA. EXPTE. 7189/241**

Visto o informe de fiscalización do 13/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/07/2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas. (LPAC).
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA (PPT)

## ANTECEDENTES

AUBAY SPAIN, SAU, solicita a resolución do contrato do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello o día 30 de abril de 2026.
Analizaremos os antecedentes deste expediente:

**Primeiro.-** En data 12 de setembro de 2025, a Xunta de Goberno Local (en adiante a XGL), acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

**Segundo.-** O 23 de xaneiro de 2026, tras a tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno local, acordou:

> *"Adxudicar a AUBAY SPAIN, SAU o procedemento aberto do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA (10731-113) por un prezo total do contrato de 40.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.942,15 euros, e cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3.I) do Anexo I -FEC- do PCAP do 41,95 %.*
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

**Terceiro.-** Para responder do cumprimento deste contrato AUBAY SPAIN, SAU, constituíu garantía definitiva mediante autoliquidación por importe de 1.652,89 euros e co número de documento 2250250002372 de conformidade co xustificante de data 14 de novembro de 2025.

**Cuarto.-** O 2 de febreiro de 2026 formalizouse o contrato en documento administrativo por un prazo de un ano, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación. Están previstas dúas prórrogas de dous anos de duración cada unha.

**Quinto.-** O apartado 5.F do PCAP esixe os seguintes medios persoais:

- **Un director de proxecto**: con titulación de enxeñeiro, licenciado ou grado. Requirise a lo menos 3 anos de experiencia demostrable en proxectos relacionados có desenvolvemento de proxectos RPA.

- **Enxeñeiro DEVOPS**: con titulación de Enxeñeiro Informático, Enxeñeiro en Telecomunicacións ou equivalente. Requirise a lo menos 3 anos de experiencia demostrable en proxectos relacionados có desenvolvemento de proxectos RPA

- **Consultor Analista RPA**: con titulación superior Enxeñeiro Informático, Enxeñeiro en Telecomunicacións ou equivalente. Requirise a lo menos 3 anos de experiencia demostrable en proxectos relacionados có desenvolvemento de proxectos RPA

- **Programador RPA**: con titulación de Enxeñeiro Informático, Enxeñeiro en Telecomunicacións ou equivalente. Requirise a lo menos 3 anos de experiencia demostrable en proxectos relacionados có desenvolvemento de proxectos RPA

E fixa a forma de acreditación mesmos:
- As titulacións requiridas mediante certificados oficiais expedidos polos organismos competentes.
- Un currículum cos traballos desenvolvidos por cada perfil coas ferramentas requiridas en cada caso.
- Informe de vida laboral.
- Certificación ou declaración responsable asinada polos licitadores.

**Sexto.-** O responsable do contrato, ante a falta de posta a disposición para a execución do contrato dos medios persoais acreditados unha vez clasificado en primeiro lugar e con carácter previo á adxudicación do mesmo, requiriu ao contratista o seu cumprimento. O contratista, en data 27 de marzo de 2026, achega o currículum dos seguintes medios persoais: director do proxecto, enxeñeiro DEVOPS e consultor analista RPA (doc. 260073464 e doc. 260073472; anexados nos trámites 192 y 193 do expediente).

**Sétimo.-** En data 6 de abril de 2026, o responsable do contrato requiriulle ao contratista a ampliación da documentación presentada (trámite 195 do expediente). En concreto:

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

- “Para o perfil de Analista: achégase titulación dunha universidade non comunitaria (fora da UE). É necesario presentar a homologación do título do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades segundo o procedemento disposto no Real Decreto 889/2022 de 18 de outubro.
- Para o perfil de Programador: non se achega o CV e titulación da persoa que desenvolverá as funcións do dito perfil. É necesario presentala”.

**Oitavo.-** O 21 de abril de 2026 o contratista axunta o CV do consultor analista RPA e as vidas laborais do director do proxecto e do enxeñeiro DEVOPS.

**Noveno.-** AUBAY SPAIN, SAU, solicita a resolución do contrato mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello o día 30 de abril de 2026.

**Décimo.-** O 26 de maio de 2026, o responsable do contrato emitiu informe de valoración do estado de execución do contrato, e solicitando á área de Contratación a tramitación da resolución contractual.

**Undécimo.-** En data 27 de maio de 2026, a Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, resolveu iniciar o procedemento de resolución deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o día 28 e a recibiu o mesmo día.

**Duodécimo.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este non presentou alegacións.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**Natureza do contrato e lexislación aplicable**

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP.

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

correspondentes efectos. Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato de servizos.

**-II-**
**Da resolución dos contratos**

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 1.5 e 41 do PCAP.
A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.
A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.
O contrato que nos ocupa é un contrato de servizo. O PCAP que rexe este contrato regula a resolución na cláusula 43 nos seguintes termos:

*"CLÁUSULA 43.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO*

*43.1.- A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de servizos no artigo 313 de devandita Lei.*

*43.2.- Serán causas de resolución:*

*a) As previstas nos artigos 211 e 313 da LCSP.*
*b) O incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.*
*c) O incumprimento reiterado das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e, en particular, as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP.*
*d) A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ao contratista, por un prazo que exceda de 48 horas.*
*e) A falsidade dos datos declarados polo contratista na súa oferta.*
*f) O incumprimento do código ético recollido na cláusula 23.1 deste prego durante a execución do contrato.*

*43.3.- No caso de incumprimento de algunha obriga de carácter esencial, o órgano de contratación se así o estima conveniente para o interese público, poderá optar por*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*resolver o contrato ou ben requirirlle ao contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 38. Esta opción só poderá exercitarse unha vez.*

*43.4.- No apartado 16.D das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato.*

*43.5.- En caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 213.3 e 213.5 da LCSP.*

*43.6.- En caso de resolución do contrato sen culpa do contratista, procederá a devolución da garantía definitiva e no seu caso da complementaria".*

O apartado 16.D das FEC non establece ningunha causa específica de resolución deste contrato.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211 e 313 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as especificas do contrato de servizos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
f) O incumprimento da obriga principal do contrato.
g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para os contratos de servizos (artigo 313 da LCSP):

j) A desistencia antes de iniciar a prestación do servizo ou a suspensión por causa imputable ao órgano de contratación da iniciación do contrato por prazo superior a catro meses a partir da data sinalada no mesmo para o seu comezo, salvo que no prego se sinale outro menor.
k) A desistencia unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, salvo que no prego se sinale outro menor.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

l) Os contratos complementarios quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.

A lei na actualidade recolle un principio determinado pola xurisprudencia e a doutrina dos órganos consultivos, aplicable no caso de que concorran dous ou máis causas de resolución, que determina que "*Nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparecese con prioridade no tempo*" (artigo 211.2 da LCSP). Efectivamente, o Consello de Estado ven aplicando esa regra de prioridade, se ben, como indica o Ditame 985/2014, do 4 de decembro, se as consecuencias económicas da resolución fosen as mesmas, procedería resolver o contrato por calquera de elas.

**-III-**

**Da resolución do contrato do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA**

A causa de resolución concorrente no contrato que nos ocupa é o incumprimento da obriga principal do contrato, prevista no artigo 211.1.f., pois o contratista non achegou os medios persoais esixidos no apartado 5.F da FEC aos que se comprometeu, e esta obriga é configurada pola cláusula 25 do PCAP como obriga esencial cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato.

A cláusula 43.3 do prego establece que no caso de incumprimento de algunha obriga de carácter esencial, o órgano de contratación se así o estima conveniente para o interese público, poderá optar por resolver o contrato ou ben requirirlle ao contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 38. Neste caso, O responsable do contrato xa requiriu o seu cumprimento ao contratista e este se limitou a presentación de documentación acreditativa dos mesmos incompleta. E antes de o inicio das prestacións obxecto do contrato presentou escrito solicitando a resolución do contrato. Razón pola que parece convinte ao interese público optar pola resolución do contrato.

Efectivamente o contratista presentou un escrito por rexistro o 30 de abril de 2026 solicitando a resolución do contrato en base as seguintes razóns:

> *"III. Tras la adjudicación de la prestación del servicio, la Administración informó a esta Sociedad de la conveniencia de la prestación del servicio mediante la utilización de la herramienta denominada "GESCORE BROKER", por ser la que venía utilizándose previamente para la prestación del servicio, la cual ninguna relación guarda con la herramienta incluida en nuestra oferta. Herramienta de la que, esta Entidad no dispone de las preceptivas licencias de uso y de las que, por lo tanto, no puede utilizar.*
> *Para mayor abundamiento, aunque es posible técnicamente la prestación del servicio a través de la herramienta POWER AUTOMATE, sería preciso la realización de una migración del anterior sistema, lo que demoraría varios meses la posibilidad de la prestación del servicio.*
> *Aspectos a los que ninguna mención se realizaba en el Pliego de Prescripciones Técnicas base del contrato suscrito.*
> *IV. Consecuentemente, la conveniencia utilización de la herramienta GESCORE BROKER o la migración de dicha herramienta a POWER AUTOMATE, supone la aparición de una causa sobrevenida no imputable a esta Compañía que, hace*



Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*imposible la ejecución del contrato en los plazos y términos suscritos y derivados de los Pliegos de Prescripciones Técnicas y de Cláusulas Administrativas Particulares. Circunstancias sobrevenidas que justifican la resolución del contrato, por la imposibilidad de ejecutar la prestación en los términos inicialmente pactados, por causa no imputable al contratista, sin que sea posible la modificación del contrato".*

Informa ao respecto o responsable do contrato o 26 de maio de 2026:

"1. Obrigas do contratista

*No prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato, a cláusula 18.3.7.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato establece que: Deberá achegar a acreditación destes medios que, no seu caso, se esixan no apartado 5.F das FEC.*

*Ademais, na cláusula 25, de Obrigas do contratista, no seu apartado 2. establécese esta como unha obriga de carácter esencial: Terán a consideración de obrigas de carácter esencial, cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato, as seguintes: ... d) A obriga de cumprir coa adscrición dos medios persoais e materiais esixidos como solvencia. Esta obriga enténdese cumprida coa adscrición dun ou outro do mesmo tipo, requisitos e calidade, sendo medios substituíbles.*

*Nas FEC, no apartado 5. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA E PROFESIONAL, F) MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS A ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO, establécese o seguinte:*

*- MEDIOS PERSOAIS:*

- *Un director de proxecto: con titulación de enxeñeiro, licenciado ou grado. Requirise a lo menos 3 anos de experiencia demostrable en proxectos relacionados có desenvolvemento de proxectos RPA.*
- *Enxeñeiro DEVOPS: con titulación de Enxeñeiro Informático, Enxeñeiro en Telecomunicacións ou equivalente. Requirise a lo menos 3 anos de experiencia demostrable en proxectos relacionados có desenvolvemento de proxectos RPA.*
- *Consultor Analista RPA: con titulación superior Enxeñeiro Informático, Enxeñeiro en Telecomunicacións ou equivalente. Requirise a lo menos 3 anos de experiencia demostrable en proxectos relacionados có desenvolvemento de proxectos RPA.*
- *Programador RPA: con titulación de Enxeñeiro Informático, Enxeñeiro en Telecomunicacións ou equivalente. Requirise a lo menos 3 anos de experiencia demostrable en proxectos relacionados có desenvolvemento de proxectos RPA.*

*Acreditación dos medios persoais: para a acreditación dos medios persoais deberán achegarse:*

- *As titulacións requiridas mediante certificados oficiais expedidos polos organismos competentes, así como*
- *Un currículum cos traballos desenvolvidos por cada perfil coas ferramentas requiridas en cada caso.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

- *Informe de vida laboral.*
- *Certificación ou declaración responsable asinada polos licitadores.*

***Accción desenvolvidas no marco do contrato***

*Asinado o contrato o 02/03/2026 e, en cumprimento do anterior, tras conversa telefónica o contratista manifesta a necesidade pola sua parte de efectuar cambios no equipos asignado e con data 27/03/2026, a entidade Aubay Spain, S.A.U. presenta por duplicado (en doc. 260073464 e 260073472) proposta de equipo consistente nos CV e titulacións dos perfís de Project Manager, Enxeñeiro DevOps e Analista/Desarrollador RPA.*

*Na proposta presentada pola empresa detéctase erro relacionado co perfil de Analista, xa que se achega titulación dunha universidade non comunitaria (fora da UE), así como a falta de documentación para o perfil de programador. Asemade non presentan informe de vida laboral para ningún dos perfís.*

*Así, con data 06/04/2026 requíreselle para a emenda do anterior, no senso da necesidade de presentar a homologación do título do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades segundo o procedemento disposto no Real Decreto 889/2022 de 18 de outubro así como para completar o equipo de traballo coa documentación do perfil de Programador.*

*Consta acuse web da notificación de data 07/04/2026.*

*Con data 21/04/2026 a entidade presenta nova proposta de equipo (doc. 260095658) emendando o asunto da titulación e propoñendo a outra persoa para o perfil de Analista RPA, así como achegando os informes de vida laboral, pero segue sen proporcionar documentación para o perfil de Programador.*

*Así, con data 27/04/2026 requíreselle novamente para a emenda do erro reiterado e ademáis, dado o transcurso de tempo dende que se asinou o contrato, solicítaselle información sobre a cuestión de índole técnico seguinte:*

*...en relación coas licencias GESCORE, do sistema de automatización mediante tecnoloxías RPA, que rexen no Concello, informámoslle que vencen o 30 de abril, segundo comunicación do actual subministrador das mesmas.*

*Tal e como se recolle no punto 3º do Prego de Prescricións Técnicas que rexe o contrato, o contratista debe manter os procesos automatizados xa desenvolvidos no Concello:*

*Débese garantir a continuidade do servizo de 5 procesos xa desenvolvidos: Intercambio de documentación coa plataforma LexNet, intercambio de información coa plataforma de contratación da Administración Central do Estado , sistema de inserción automático de documentos e arquivos co xestor de procedemento administrativo municipal, descarga de documentación catastral e intercambio de información en materia de sinestrabilidade vial coa DXT.*

*En tanto en canto non temos recibido información ao respecto do tema do mantemento das licencias que garanta a continuidade do servizo dos procesos xa desenvolvidos no Concello, requíreselle para que realice as actuacións procedentes.*

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

*Consta no expediente acuse web da notificación de 27/04/2026.*

*Por outra banda dende ó día 09/03/2026 estabreceronse distintas reunións de traballo así como intercambio de correos no que se se remiteu a información solicitada por parte de Aubay Spain, S.A.U. sobre os procesos automatizados actualmente en producción, que incluían tanto as caracteristicas do software sobre a que se están a executar estas tarefas automatizadas  como toda a documentación técnica sobre o contido es as caracteristicas dos mesmos,*

***Contestación as alegacións***

*Tal e como se especifica nos antecedentes, con data 30/04/2026 a entidade Aubay Spain, S.A.U. presenta solicitude de resolución do contrato (doc. 260107242, expte. 7189-241) polas razóns de carácter técnico expostas no seu escrito.*

*As alegacións da entidade na súa solicitude de resolución do contrato expón que como consecuencia da conveniencia de utilización da ferramenta GESCORE BROKER ou a migración da dita ferramenta a POWER AUTOMATE, unha das duas ferramentas propostas na oferta presentada xunto có software Uipath que a xuizo do licitador presentaba unhas mellores funcionalidades pero  non encaixaba economicamente,  aparece causa sobrevenida non imputable á empresa e que fai imposible a execución do contrato nos prazos e termos subscritos e derivados dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e, polo tanto, xustifícase a resolución do contrato pola imposibilidade de execución do mesmo por causa non imputable ao contratista.*

*O prego de prescricións técnicas establece como obxecto do contrato o deseño, desenvolvemento, posta en marcha e soporte dun servizo de automatización mediante o uso de tecnoloxías de robotización (RPA, Robotic Process Automation), incluíndo 5 procesos xa robotizados, o servizo de recoñecemento de textos (OCR-Optical  Character Recognition) e a integración coa batería de servizos web de que dispón o bus de servizos municipal.*

*No punto terceiro, de descrición dos servizos establécese o seguinte: Débese garantir a continuidade do servizo de 5 procesos xa desenvolvidos: Intercambio de documentación coa plataforma LexNet, intercambio de información coa plataforma de contratación da Administración Central do Estado, sistema de inserción automático de documentos e arquivos co xestor de procedemento administrativo municipal, descarga de documentación catastral e intercambio de información en materia de sinestrabilidade vial coa DXT.*

*A ferramenta que se viña utilizándose para a prestación do servizo obxecto do contrato é Gescore Broker, polo que se informa en data 27/04/2026 respecto do estado da licenza, ós efectos a considerar polo contratista de cara ao mantemento dos procesos xa desenvolvidos  . A entidade sinala non dispor das licenzas de uso desta ferramenta e aínda que puideran utilizar a súa propia, sendo posible a prestación do servizo, a migración do anterior sistema demoraría varios meses a*



Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*posibilidade de prestación do mesmo, co que resultaría imposible a execución do contrato nos prazos e termos subscritos.*

*Tendo en conta o anteriormente exposto considérase adecuada a resolución do contrato.*

***Estado actual de desenvolvemento do contrato***

*En canto non se ten asignado un grupo de traballo á data de emisión deste informe, nonse ten executado ningunha das prestacións nin realizado ningunha das actividades descritas no obxecto e alcance do contrato. O proxecto pretendido se atopa en fase inicial e sen actividade.*

*Consecuentemente non existen pagos pendentes de liquidar nin facturas devengadas en relación con este contrato.*

*En conclusión, a entidade está incursa en causa de resolución do contrato por unha causa diferente á que alegan, xa que non se trata dunha razón de índole técnico senón dun incumprimento dunha obrigación esencial recollida nas claúsulas 18.3.7 e 25.2.d) do prego de cláusulas administrativas particulares e na cláusula 5. F) das FEC que rexen o contrato".*

Podemos concluír, á vista do informe do servizo xestor que a única causa de resolución do contrato é a citada, e que, tal e como veremos no apartado seguinte ao tratar as formas de inicio de procedemento de resolución, dado que concorre unha causa de resolución previa imputable ao contratista, este non pode instar a resolución do contrato (artigo 212.2 da LCSP).

**-IV-**
**Do procedemento de resolución**

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 212.1 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1.i) (falta de pagamento de salarios aos traballadores), que non concorre neste contrato.

Se ben, hai que ter en conta que a lei limita a posibilidade de instar a resolución, a aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP). No caso que nos ocupa o contratista solicitou a resolución do contrato o 17 de marzo de 2026 alegando a imposibilidade de executar o contrato nos termos pactados, debido a unha situación sobrevida de grave deterioro económico-financiero, que coloca á empresa nun escenario de insolvencia inminente. Máis tendo en conta a citada regra, procede iniciar o procedemento de resolución de oficio, pois o contratista xa abandonara a execución do contrato previamente á formulación da citada solicitude.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).
Segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a LHL e o Real decreto 424/2017, os trámites do procedemento de resolución son os seguintes:

1) Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais, dado que trátase dun procedemento contraditorio (artigos 191.1 da LCSP e 109 do RLCAP). Evacuado o trámite de audiencia, o contratista non presentou alegacións durante o prazo conferido ao efecto.
2) Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior (artigo 109 do RLCAP). Neste caso non procede por canto a garantía definitiva foi constituída en efectivo mediante transferencia bancaria.
3) Informe da Asesoría Xurídica (disposición final 2ª da LCSP e artigo 109 do RLCAP).
4) Fiscalización pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 da LHL e 16 do Real decreto 424/2017).
5) Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista (artigos 191.3 da LCSP e 109 do RLCAP).
6) Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, que porá fin a vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 191.4 LCSP) deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.

Evacuado trámite de audiencia ao contratista, os demais trámites realizaranse cando se formule a proposta de resolución do contrato ao órgano de contratación.

**-IV-**

**Dos efectos da resolución**

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP. Nos catros primeiros apartados e no último establece as regras aplicables segundo a causa de resolución, e no apartado 5 establece regras comúns aplicables a todos os supostos.
A regra común aplicable a todos os supostos de resolución é que o acordo de resolución deberá conter un **pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía definitiva** que, no seu caso, fose constituída. Se ben, a devolución ou non da garantía non depende dunha decisión discrecional da Administración contratante, senón da propia lei, que no artigo 111.1 condiciona a devolución ou cancelación da garantía a que a resolución se producise sen culpa do contratista. E o artigo 213 establece a incautación da garantía para algunha das causas de resolución, como a que nos ocupa. Así, o apartado 3 determina que se o contrato se resolve por incumprimento culpable do contratista, seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. Polo tanto, procede a incautación da garantía que AUBAY SPAIN, SAU, constituíu mediante autoliquidación por importe de 1.652,89 euros e co número de documento 2250250002372 de conformidade co xustificante de data 14 de novembro de 2025.
Analizaremos os efectos específicos da resolución por incumprimento do contratista previstos no artigo 213.6 da LCSP. Estes son:

a) Poderá iniciarse o **procedemento de contratación para a adxudicación dun novo contrato** no momento de incoarse o expediente administrativo de resolución do



Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

contrato. Se ben a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos procedementos.

b) **O contratista quedará obrigado ata que se formalice o novo contrato, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído ou fabricado, na forma e co alcance que determine o órgano de contratación**.
A falta de acordo, a retribución do contratista fixarase a instancia deste polo órgano de contratación, unha vez concluídos os traballos e tomando como referencia os prezos que serviron de base para a celebración do contrato. O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano de contratación que deberá resolver o que proceda no prazo de quince días hábiles.
Neste caso, non é necesario adoptar esta medida, por canto, tal e como informa o responsable do contrato, o contratista aínda non realizou ningunha actividade de execución do contrato.

c) **A Administración poderá intervir garantindo a realización das devanditas medidas ben cos seus propios medios, ben a través dun contrato cun terceiro cando o contratista non poida garantilas**.
Neste caso non procede.

Procedería anular o documento de autorización de gasto, máis neste caso xa foi anulado por canto o contrato adxudicouse máis tarde do previsto e non estaba previsto pagar ningunha factura ata o ano 2027.

**-V-**

**Do prazo para ditar resolución**

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.
Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferencia das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

**-VI-**

**Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación. No entanto, a competencia para a incoación do expediente de resolución está delegada na concelleira delegada de Contratación, segundo acordo de data 7 de novembro de 2025.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

Logo da audiencia ao contratista e ao avalista, emitirase informe proposta que resolverá a Xunta de Goberno local, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), e no caso de que o contratista formule oposición, do informe do Consello Consultivo.

**-VII-**

**Proposta de resolución**

A vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte **resolución**:

*"1º.- Resolver o contrato do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA, adxudicado a AUBAY SPAIN, SAU, por acordo deste órgano de 23 de xaneiro de 2026, por concorrer a causa prevista no artigo 211.f da LCSP "O incumprimento da obrigación principal do contrato".*

*2º.- Incautar a garantía definitiva constituída polo contratista mediante autoliquidación por importe de 1.652,89 euros e co número de documento 2250250002372 de conformidade co xustificante de data 14 de novembro de 2025.*

*3º.- Iniciar o procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, condicionada á terminación do expediente de resolución.*

*4º.- Declarar a urxencia da tramitación tanto do procedemento de resolución como do o procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.*

*5º.- Notificar este acordo ao contratista, informándolle que contra este acordo que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.*

*Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.*

*Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LCSP).*

*6º.- Publicar o acordo de resolución no perfil de contratante e no portal de transparencia".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

**5(605).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA. EXPTE. 25378/333.**

Visto o informe de fiscalización do 09/07/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación
a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva (25378-333) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva (25378-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de abril de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

"*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para o SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS NA CIDADE DE VIGO, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de "OITENTA E OITO MIL NOVECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS" (88.991,24€).*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe do Servicio de deportes do día 27.02.26.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación do día 25.03.26.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 3410.2260902 "Adquisición de medallas e trofeos", coa seguinte distribución:*

| *Anualidades* | *Importe sen ive* | *IVE* | *Importe con IVE* |
|---|---|---|---|
| *2026* | *34.859,02 €* | *7.320,39 €* | *42.179,41 €* |
| *2027* | *38.687,46 €* | *8.124,37 €* | *46.811,83 €* |
| *Totais* | *73.546,48 €* | *15.444,76 €* | *88.991,24 €* |

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*"



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 4 de xuño de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de maio de 2026, de ANTONIO MIGUEL RUS MUÑOZ por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva (25378-333) na seguinte orde descendente:*

| | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| 1 | *CARLOS FERNANDEZ POL* | *99,00* |
| 2 | *EUROCEBRIAN, SL* | *72,38* |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLOS FERNANDEZ POL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLOS FERNANDEZ POL, o día 5 de xuño de 2026, que presenta a documentación requirida o día 8 do mesmo mes, dentro do prazo concedido. Unha vez comprobada a mesma, a Mesa de Contratación, en data 30 de xuño, acordou por unanimidade dos/as membros presentes, outorgar un prazo de 3 días naturais ao licitador para que puidera emendar a documentación relativa á acreditación da solvencia técnica e profesional. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.
Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- ➢ Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura os datos do licitador e, neste segundo certificado, o certificados positivos de débedas da AEAT, a TXSS e a ATRIGA.
- ➢ DNI do licitador.
- ➢ Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- ➢ Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- ➢ Para a acreditación da solvencia económica e financeira (62.293,87 €), presenta o modelo 130 do IRPF de actividades económicas do ano 2025 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.



Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (62.293,87 €), presenta certificado de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.
- Garantía definitiva por un importe de 3.677,32 € mediante autoliquidación..

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de xullo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

<u>FUNDAMENTOS XURÍDICOS</u>

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).
Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARLOS FERNANDEZ POL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.
A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARLOS FERNANDEZ POL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 27 de maio e 1 de xuño de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a CARLOS FERNANDEZ POL o procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva (25378-333) por un prezo total do contrato de 88.991,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.444,76 euros e coas seguintes condicións:*

a) *A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3H do Anexo I -FEC- do PCAP é do 22 %.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

b) *A redución dos prazos máximos de entrega establecidos no PPTP son os seguintes:*
- *Medalla con personalización individual (55 mm diámetro) (prazo ordinario: 5 días, prazo urxente: 3 días):*
  - *Redución do prazo ordinario en 4 días.*
  - *Redución do prazo urxente en 2 días.*
- *Medalla de calidade con personalización individual (65 mm diámetro) (prazo ordinario: 5 días, prazo urxente: 3 días):*
  - *Redución do prazo ordinario en 4 días.*
  - *Redución do prazo urxente en 2 días.*
- *Medalla especial fundición de calidade para probas determinadas (65 diámetro) (prazo ordinario: 45 días, prazo urxente: 20 días):*
  - *Redución do prazo ordinario en 35 días.*
  - *Redución do prazo urxente en 10 días.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(606).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DO PROXECTO DE "RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA, CASTRELOS". EXPTE. 2516/441.**

Visto o informe de fiscalización do 09/07/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación
b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación de céspede artificial no campo de fútbol de Monte da Mina, Castrelos" (2516-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación de céspede artificial no campo de fútbol de Monte da Mina, Castrelos" (2516-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto básico e de execución para a "RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA - CASTRELOS" redactado polos arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.*
*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 25.02.2026.*
*Terceiro.-Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS TRINTA E SEIS MIL CORENTA E CATRO EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (336.044,31 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 58.321,74 €.*
*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420/6320044 – proxecto de gasto 25342044 (Cambio de herba campo F. Monte da Mina), crédito provinte da incorporación de remanentes, segundo a distribución de anualidades proposta.*

| | |
|---|---|
| *2026* | *336.044,31 €* |

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 18 de xuño de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación de céspede artificial no campo de fútbol de Monte da Mina, Castrelos" (2516-441) na seguinte orde descendente:*

| | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| 1 | *URBAN GLOBAL 2018, SL* | *96,67* |
| 2 | *OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, SA* | *89,59* |
| 3 | *MONDO IBERICA, SAU* | *79,12* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, URBAN GLOBAL 2018, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Lembrar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, URBAN GLOBAL 2018, SL, o día 19 de xuño de 2026, que presenta a documentación requirida os días 1 e 6 de xuño de 2026, dentro do prazo concedido.
Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil co seu obxecto social e o nomeamento do seu representación.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (333.267,08 €), presentan as contas do ano 2025 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (336.044,31 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Solicitude de retención no prezo do contrato do importe da garantía definitiva 13.108,51 €.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de xullo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS
Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).
Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar URBAN GLOBAL 2018, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.
A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por URBAN GLOBAL 2018, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 26 de maio e 5 de xuño de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a URBAN GLOBAL 2018, SL o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación de céspede artificial no campo de fútbol de Monte da Mina, Castrelos" (2516-441) por un prezo total do contrato de 317.225,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 55.055,72 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(607).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS EQUIPAMENTOS XESTIONADOS POR PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 12914/307.**

Visto o informe de fiscalización do 09/07/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación
c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de divulgación dos equipamentos xestionados por Patrimonio Histórico (12914-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de divulgación dos equipamentos xestionados por Patrimonio Histórico (12914-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de maio de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

"*Primeiro.- Incorporar ao prego de prescricións técnicas o anexo III "Información esixida polo art. 130 LCSP" que contén a información facilitada polo actual contratista.*

*Segundo.- Rectificar o apartado 16 F das FEC do prego de condicións administrativas particulares que pasa a estar redactado como segue:*

*INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 DA LCSP: de conformidade co artigo 130 da LCSP, no Anexo III do PPT consta a información sobre as condicións dos*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*contratos dos traballadores, facilitada pola empresa saliente, necesaria para permitir a avaliación dos custos laborais que implique, no seu caso, dita medida*

*Terceiro.- Reiniciar o prazo de presentación de ofertas.*

*Cuarto.- No suposto de que se tivera presentado algunha oferta requirirase aos licitadores para que manifesten se manteñen a oferta presentada ou a retiran para presentar unha nova.*

*Quinto.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público*".

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 25 de xuño de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo de divulgación dos equipamentos xestionados por Patrimonio Histórico (12914-307) na seguinte orde descendente:*

| | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| *1* | *VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL* | *100,00* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, o día 26 de xuño de 2026, que presenta a documentación requirida o 3 de xullo, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social e o nomeamento do seu representante.
- A escritura de constitución da licitadora cos estatutos e a escritura de ampliación do obxecto social xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (104.942,38 €) presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (104.942,38 €), presentan certificado de boa execución no que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.
- Solicitude de retención, no prezo do contrato, do importe da garantía definitiva (18.448,35 €).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de xullo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 18 de xuño de 2026 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 25 do mesmo mes, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de divulgación dos equipamentos xestionados por Patrimonio Histórico (12914-307) por un prezo total do contrato de 446.450,07 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 77.483,07 euros e coa seguinte condición:*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

a) *Unha maior experiencia do coordinador e responsable do servizo de 23 anos, con respecto ao mínimo de 5 anos esixido na cláusula 7 do PPT.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(608).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN MEDIDA CAUTELAR DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXPTE. EXPTE. 99420/332.**

Sométese a aprobación a proposta da xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos de data 14/07/2026, que di o seguinte:

Proponse á Xunta de Goberno Local, na súa cualidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Tomar razón da Resolución de Medida Cautelar nº 61/2026 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), de "suspensión da contratación", recaída no recurso nº 163/2026, interposto por KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS SL contra a súa exclusión da contratación do "Servicio de Gestión de la Escuela Infantil Municipal de Bembrive"* .

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**9(609).- SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS "VIGO, UN MAR DE BANDAS", "VIGO, BANDAS NOS TORREIROS" E "AULAS DE MÚSICA" CON CARGO AO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2026. EXPTE. 6722/330.**

Visto o informe xurídico do 02/07/2026 e informe de fiscalización do 14/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/07/2026, asinado polo xefe do do servizo Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 27 de xuño do 2026, a "Federación de Bandas de Música Populares de Vigo" presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento do programa "Vigo un Mar de Bandas", "Vigo, Bandas nos Torreiros" e "Aulas de Música" con cargo ao orzamento do exercicio 2026 ; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 233.200 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 do orzamento municipal vixente.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

ANTECEDENTES.-
A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación contínua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

Este ano continúase co programa "Vigo, bandas nos torreiros" que se desenvolveu por primeira vez no ano 2023, programa especial de 18 actuacións das bandas de música de suma importancia tanto para a difusión e potenciación da cultura musical galega e doutra índole a través da formación dunha banda de música e tamén para o desenvolvemento e potenciación da actividade musical na propia banca que implica as seguintes diferencias co ciclo do "Programa Vigo un Mar de Bandas": Unha maior duración das actuacións, actuacións estáticas como en movemento, maior extensión do repertorio, diversidade do espectáculo e actuacións se farán nos torreiros dos diferentes barrios da cidade.
Dende o ano 2001-2002, a citada entidade vén desenvolvendo o programa "**Aulas de música nas bandas"** cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.
A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 233.200 € (douscentos trinta e tres mil douscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

– Concello de Vigo: 233.200 €

DOCUMENTACIÓN.-
Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:
- Solicitude de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 1 de xullo do 2026 (doc. 260182430)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-
A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Federación de Bandas de Música Populares de Vigo" para o desenvolvemento do programa "Vigo un Mar de Bandas", "Vigo, Bandas nos Torreiros" e "Aulas de Música" con cargo ao orzamento do exercición 2026, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Federación de Bandas de Música Populares de Vigo" para o desenvolvemento do programa "Vigo un Mar de Bandas", "Vigo, Bandas nos Torreiros" e "Aulas de Música" con cargo ao orzamento do exercicio 2026, axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

S.ord. 17/07/2026

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-
A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Bandas de Música Populares de Vigo" ten como obxecto financiar o desenvolvemento do programa "Vigo un Mar de Bandas", " Vigo, Bandas nos Torreiros" e "Aulas de Música", figurando na aplicación **3340.480.00.10** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 233.200 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Bandas de Música Populares de Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

**Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

**CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**
A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concellería delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte:

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

PRIMEIRO.- *Aprobar a concesión directa da subvención de 233.200 € (DOUSCENTOS TRINTA E TRES MIL DOUSCENTOS EUROS ) á Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, CIF. G-36855906, para o financiamento do programa "Vigo un Mar de Bandas", "Vigo, Bandas nos Torreiros" e "Aulas de Música", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 " FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO. MAR DE BANDAS", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO- Que se aprobe o texto do proxecto de conve avenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas Populares de Música de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa "Vigo un Mar de Bandas", "Vigo, Bandas nos Torreiros" e "Aulas de Música" no exercicio 2026."*

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS "VIGO, UN MAR DE BANDAS", "VIGO, BANDAS NOS TORREIROS" E "AULAS DE MÚSICA" 2026**

En Vigo, na data da sinatura dixital

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo (CIF: G-36855906) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 857-03, con enderezo social na rúa Canteiros, 53, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da dita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

**MANIFESTAN**

***I.-*** *Que a* ***FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO*** *é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación contínua dos integrantes das bandas de música e, por*



Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.*

***II.-*** *Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar económicamente na execución da programación da* ***FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO****, en concreto nos programas "Vigo, un mar de bandas", "Vigo, Bandas nos torreiros" e "Aulas de Música", como medio que é de promover a música popular na cidade.*

***III.-*** *Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.10, como subvención nominativa, a favor da* ***FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO****, a cantidade de 233.200 euros.*

***IV.-*** *Que a* ***FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO*** *non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

***V.-*** *De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización do dito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades que se detalla na documentación achegada pola entidade no expediente de aprobación do convenio, concretamente os programas "Vigo, un mar de bandas", "Vigo, bandas nos torreiros" e "Aulas de Música" 2026

### SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se incorpora a este convenio, achegada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 233.200 € (douscentos trinta e tres mil douscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 233.200 €

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

**TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

PROGRAMA *"Vigo, un mar de bandas"*

- As actuacións desenvolveranse, segundo o programa que se achega a este expediente, entre o 16 de novembro do 2025 e o 31 de outubro do 2026
- O número total de actuacións será de 98 (noventa e oito).
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.
- Con carácter xeral, quedan excluídas deste convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais.

***PROGRAMA Vigo Bandas nos Torreiros 2026***

É un programa especial de 18 actuacións das bandas de música, que se desenvolverán segundo detalle da memoria que se achega a este expediente, entre os días 7 de xuño e o 4 de outubro do 2026. Ten as seguintes diferencias co ciclo do Programa Vigo un Mar de Bandas:

- Unha maior duración da actuación, chegando a ter un mínimo de duración de tres horas.
- Realización de actuacións estáticas como en movemento.
- Maior extensión do repertorio
- Diversidade do espectáculo.
- As actuacións serán en barrios da cidade, en espazos amplos como ser os torreiros.

***PROGRAMA "Aulas de Música"***

- Desenvolverase de xaneiro a xuño do 2026, nas sedes das bandas de música populares de Vigo que forman parte da ASOCIACIÓN.
- As actividades están destinadas ao público en xeral, polo que o acceso será público e gratuíto.
- O límite de alumnado estará determinado polo número de prazas dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados.
- Realizaranse, ademais, intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa, co obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.
- Ao final do curso, entregaranse diplomas acreditativos da participación e paso pola Rede de Escolas de Música.
- Poderá existir tamén a distinción de alumnado destacado a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

**CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da asociación.

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

   **Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto deste convenio e na concesión da subvención.**

   A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

9. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

   As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colabo ración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

   As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

10. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. **Incorpórase ao expediente póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.**

**QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

– Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
– Xestionar o pagamento do importe da subvención (233.200 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

**Redactarase un acta de constitución desta comisión mixta que será asinada por ambas partes. Así mesmo, de selo caso, levantarase un acta de cada reunión da comisión na que figuraban os temas tratados e acordados na mesma.**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos orzamentos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

**SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas polo Servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará ao Servizo de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:
De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as



Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro delegado de Cultura.

Estipúlanse tres pagamentos segundo o seguinte:

a) Un primeiro pagamento no mes de agosto, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata o 31 de xullo e polo importe total correspondente ao programa de formación continua para músicos “Aulas de música”.

b) Un segundo pagamento no mes de outubro, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado no período comprendido entre o 1 de agosto e o 30 de setembro.

c) Un terceiro e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas no período comprendido entre o 1 de outubro ata o 8 de novembro do 2026. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2025.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranga a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

1. Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026
2. Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
3. Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    3. Memoria de prensa.
    4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

- **A conta xustificativa dos gastos presentarase segundo o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo:** https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=4443&lang=ga, **coa relación clasificada de gastos e con todos os datos solicitados cubertos (número de factura, provedor, concepto, importe, data de emisión...). Non se aceptarán contas xustificativas que non se presenten no citado modelo.**

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

- **Os pagos en efectivo limítanse até un importe máximo de 1.000 € ou ben ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento, pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo provedor, non aceptándose sen a sinatura do provedor.**

- **No seu caso, aportarase memoria explicativa sobre as posibles desviacións respecto ao orzamento inicial da actividade, segundo o artigo 72.2.a) do RD 887/2006.**

- **Naqueles gastos onde a cobertura exceda do marco temporal subvencionable, deberase aplicar o principio de devindicación, realizando os axustes proporcionais que corresponda.**

<u>Gastos subvencionables:</u>
**Consideranse gastos subvencionables os realizados dende o 15 de novembro do 2025 ao 10 de novembro do 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas**, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

<u>Importe total de subvencións ou axudas:</u>
A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Cultura.

Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**
Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.**

**DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**
En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

**DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.
Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**
Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

**DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**
A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**
O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

**DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**
Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**
A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

| | |
|---|---|
| A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade | O presidente da entidade |
| María del Carmen Silva Rego | Enrique Lorenzo Vila |

A secretaria do Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

**ORZAMENTO 2026**

| CONCEPTO de GASTOS | ORZAMENTO |
|---|---|
| 99 Actuacións "Vigo, un mar de bandas" | 128.920 € |
| 18 Actuacións "Vigo, bandas nos torreiros" | 34.200 € |
| AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS | 54.000 € |
| Produción + Publicidade + Programas | 16.080 € |
| **TOTAL GASTOS** | **233.200 €** |

| CONCEPTO de INGRESOS | ORZAMENTO |
|---|---|
| Subvención CONCELLO DE VIGO | 233.200 € |
| **TOTAL INGRESOS** | **233.200 €** |

Así mesmo, proponse as seguintes contías por actuación de cada unha das bandas de música pertencentes á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, segundo a actividade:

| **Banda de Música** | **Vigo, un mar de bandas** | **Vigo, bandas nos torreiros** |
|---|---|---|
| Unión Musical de Valladares | 1.400 € | 2.700 € |
| Escola de Música de Beade | 1.400 € | 2.000 € |
| Agr. Musical Atlántida de Matamá | 1.360 € | 2.000 € |
| Unión Musical de Coruxo | 1.360 € | 1.800 € |
| Lira de San Miguel de Oia | 1.360 € | 1.800 € |
| UVCD de Candeán | 1.270 € | 1.800 € |
| Unión Musical de Cabral | 1.270 € | 1.800 € |
| Delicias do CCR de Cabral | 1.150 € | 1.600 € |
| Ateneo Musical de Bembrive | 1.150 € | 1.600 € |

S.ord. 17/07/2026

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

**ANEXO I**

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN**
**BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO**
**PROGRAMA " VIGO, UN MAR DE BANDAS 2026"**

D/Dna…....................................................................................................................……
en representación da entidade .......................................................................….................
CIF ..........................…., con domicilio social en ..........................
…...........................................................................................................................................
de VIGO, teléfono/s de contacto........................................................................................
correo electrónico ...............................................................................................................

**EXPÓN:**

1.Que a banda popular de música......................................………………………. realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería d de Cultura, na citada entidade, o día ….... de ...................... do 2026, en...........................................................................................

2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.

3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de ....................................

**OBSERVACIÓNS:**...........................................................................................

.......................................................................................................................................

VIGO, ….... de ………................... do 2026

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE SELO DA ENTIDADE

Asinado:

S.ord. 17/07/2026

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

**ANEXO II**

| CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN<br>BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO<br>PROGRAMA “ VIGO, BANDAS NOS TORREIROS 2026” |
|---|

D/Dna…...........................................................................................................................……
en representación da entidade ......................................................................….................
CIF ..........................…., con domicilio social en .........................
…......................................................................................................................................
de VIGO, teléfono/s de contacto........................................................................................
correo electrónico ...............................................................................................................

**EXPÓN:**

1.Que a banda popular de música......................................……………………… realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería de Cultura, na dita entidade, o día …... de ..................... do 2026, en...............................................................................................

2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.

3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de ....................................

**OBSERVACIÓNS:**...................................................................................................

.....................................................................................................................................

VIGO, …..... de ……….................... do 2026

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE SELO DA ENTIDADE

Asinado:

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

**10(610).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. EXPTE. 6693/330.**

Visto o informe xurídico do 08/07/2026 e informe de fiscalización do 13/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/07/2026, asinado polo xefe do do servizo Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

–RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
–RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
–Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
–RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
–Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

**ANTECEDENTES**

1.- Os pregos do procedemento aberto para a contratación dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal do Concello (5450-330) foron aprobados pola Xunta de Goberno Local de data 27 de agosto do 2024 e incorpóranse ao presente expediente.

2.- A Xunta de Goberno Local, de data 5 de novembro do 2024, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a FLUGE GALICIA, SL o procedemento aberto para a contratación dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal do Concello (5450-330) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 227.691,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.516,71 euros.*

*b) A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 10,00 %.*

*c) Comprométese á realización dun curso de, polo menos, 10 horas en materia de Atención ao público para o persoal a adscribir ao contrato.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

3. Con data 28 de novembro do 2024, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil FLUGE GALICIA SL (B87037883) cun prazo de execución de DOUS anos naturais, sendo a data de inicio o 1 de decembro do 2024.

4- Este contrato estipula a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas, finalizando o período fixo de contrato o 30 de novembro de 2026.

5.- Por escrito de entrada na sede electrónica municipal núm. 260137858, de data 2 de xuño de 2026, D. Juan Manuel Ares Fernández, en calidade de responsable do contrato e representante legal da mercantil FLUGE GALICIA SL (B87037883), presta a súa conformidade á primeira prórroga do contrato, cunha duración de un ano, desde o 1 de decembro do 2026 ao 30 de novembro do 2027.

6. Consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, de data 27 de maio do 2026, dispoñendo que por parte desta xefatura se proceda a instruír a primeira prórroga do contrato, por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos, co persoal cualificado para a súa execución e á vista dos resultados satisfactorios acadados.

7.- Esta xefatura informa que a empresa FLUGE GALICIA SL (B87037883) ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Segundo o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con al menos dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 28 de novembro do 2024, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 1 de decembro do 2024, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prorroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de novembro do



Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

2025 polo que se aproba a modificación da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos titulares das Concellerías de Área de Goberno. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, de data 27 de maio do 2026, autorizando o inicio deste expediente da primeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Á vista do exposto,** ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA:**

**"PRIMEIRO.**- Aprobar a primeira prórroga do contrato de servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal do Concello (5450-330), polo período de UN ano, desde o 1 de decembro do 2026 ao 30 de novembro do 2027.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto por importe total de **113.845,75** € **(cento trece mil oitocentos corenta e cinco euros con setenta e cinco céntimos)**, *s*endo a cota correspondente ao IVE de 19.758,35 euros, a favor de FLUGE GALICIA SL (B87037883), con cargo á aplicación orzamentaria 3331.227.9907 "Xestión Auditorio da Casa do Concello" do orzamento municipal vixente e segundo as seguintes anualidades:

**Exercicio 2026.- (1 mes: decembro): 9.487,14 €**

**Exercicio 2027.- (11 meses: xaneiro-novembro): 104.358,61 €**

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao contratista".

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

**11(611).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) E O CONCELLO DE VIGO, PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2026. EXPTE. 6729/330.**

Visto o informe xurídico do 07/07/2026 e informe de fiscalización do 14/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/07/2026, asinado polo xefe do do servizo Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**INFORME-PROPOSTA.-**

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Pola súa banda, o Decreto de delegación da Alcaldía do 19 de xuño do 2023 e resolución de modificación do 25 de setembro do 2025 e do acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro do 2025, polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área de Goberno, delegan na concellería-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade “a promoción e difusión da Cultura e o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral."

A Concellería de Cultura organiza semestralmente a programación estable municipal das artes escénicas, con programación de música, teatro, danza, circo e maxia.

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios, que ten como principal finalidade fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios de Galicia, a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na citada rede.

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.

No convenio previsto para este semestre contémplanse un total de 16 espectáculos que ascenden a un importe total de **57.401 euros**, dos que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo **2.556,85 euros**, impostos incluídos, e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante **54.844,15 euros.**

A programación do segundo semestre de 2026 foi aprobada por resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, do 29 de xuño do 2026

Os contratos destes espectáculos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística, por parte da Área de Cultura, con cargo ao orzamento municipal vixente para 2026, concretamente na aplicación 3331.226.09.06 "Programación Auditorio Municipal", que ten saldo adecuado e suficiente.

Os contratos destes espectáculos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura con cargo ao orzamento municipal vixente para 2026. Trátase dunha programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados os pagos ás compañías que se contraten que aparecen neste convenio, realizarase a xustificación correspondente ao Agadic para que proceda ao ingreso do importe conveniado. Unha vez asinado o convenio, Cultura tramitará a correspondente xeración de crédito, polo importe de **2.556,85 euros**, na aplicación orzamentaria 3331.226.0906 "Programación Auditorio Municipal", o cal permitirá incorporar este importe para o financiamento da programación do ano 2027. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC, o que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Enténdese, xa que logo que o obxecto deste convenio é a aprobación do texto deste que sirve para cofinanciar a dita programación a través da achega de AGADIC de **2.556,85 euros**, sendo polo tanto un expediente de ingresos e non de gasto, non sendo obxecto deste expediente a fiscalización dos contratos privados de gasto menor que se realizan para contratar as actividades, que se fiscalizan no seu momento por parte da Intervención Municipal.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, este convenio non ten por obxecto a prestación propia dun contrato. Así pois este documento non estaría suxeito á Lei de contratos do sector público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia.

A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostibilidade financeira.

A achega financeira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

A base 40.2 das de execución do orzamento xeral do ano 2026 establece que os convenios serán subscritos, en representación do Concello, pola Alcaldía-Presidencia ou concelleiro/a en quen delegue. A competencia para asinar o convenio corresponde á concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade en virtude do decreto da alcaldía do 19 de xuño do 2023 e resolución de modificación do 25 de setembro do 2025.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleria-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral, faise a seguinte

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

**CONCELLO DE VIGO**
Expte. 2127/1102

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-**

**"**Aprobar o texto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Axencia Galega das Industrias Culturáis, Agadic", polo importe total de **57.401 euros**, dos que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo **2.556,85 euros**, impostos incluídos, e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante **54.844,15 euros**, para o financiamento dos espectáculos incluídos na programación seleccionada dentro do catálogo de propostas da Rede Galega de teatros e auditorios para o segundo semestre do ano 2026, aprobada por resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 29 de xuño do 2026".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ENTIDADE CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2026**

**COMPARECEN**

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con NIF Q6550009B, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, María Carmen Silva Rego, representante de CONCELLO DE VIGO (P3605700-H ) en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe, por parte do concello, a persoa responsable da secretaría, en virtude do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio, que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO** . A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

**SEGUNDO .** O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".

**TERCEIRO .** O artigo 5.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Axencia é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".

**CUARTO .** O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que: "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".

**QUINTO .** A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da administración local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.

**SEXTO .** A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Está constituída pola Axencia Galega das Industrias Culturais e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhiren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.

**SÉTIMO** A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaranse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

**OITAVO** CONCELLO DE VIGO e a Axencia acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído plan estratéxico de convenios da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2026.

Polo anteriormente exposto, as partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto, acordan as seguintes

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

**ESTIPULACIÓNS**

**PRIMEIRA.-OBXECTO**

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do segundo semestre do ano 2026 no Auditorio Municipal de Vigo integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios, de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Axencia para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto deste convenio están incluídas no plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios para o ano 2026.

**SEGUNDA.-OBRIGAS DA ENTIDADE**

Mediante a sinatura deste convenio, CONCELLO DE VIGO, comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro da cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

a) Levar a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.

b) Aboar ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.

c) Asumir os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.

d) Remitir a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina da Agadic www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.

e) Comunicar, con antelación suficiente, á dirección da Axencia calquera modificación da programación, en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, os horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.

f) Utilizar en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios,, facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

g) Poñer á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.

S.ord. 17/07/2026

h) Facilitar á Axencia, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Axencia percibida pola entidade pública.

**TERCEIRA.-OBRIGAS DA AGADIC**

A Axencia, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar, e a asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

a) Realizar dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b) Xestionar e manter actualizada a péxina de xestión: www.galescena.gal, para que os grupos e compañías profesionais realicen as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c) Revisar, comprobar e aprobar as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d) Colaborar e apoiar o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborar informes de público así como, calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f) Facer fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

**CUARTA.-FINANCIAMENTO**

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 57,401.00 euros importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Axencia aportará unha achega de 2,556.85 euros impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia para o ano 2026.
- A entidade, colaborará coa cantidade restante de 54,844.15 euros impostos incluídos.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

O importe económico asumido de cada unha das partes, así como a programación é a que segue:

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

| Programación | Companía | Espectáculo | Data | Lugar | AGADIC | ESPAZO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PI | Ghazafelhos | Ándale! Bon appétit! | 04-10-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 1,800.00 € |
| PA | A Tríptica Teatro | O que xermola no lume | 09-10-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 2,500.00 € |
| PA | Berrobambán | Begoña Caamaño, o transgredir das ondas | 10-10-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 1,815.00 € |
| PI | O Baúl da Tía Tola | Fiadora de soños | 11-10-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 2,310.00 € |
| PA | ButacaZero | A Velada de Londres | 16-10-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 3,993.00 € |
| PA | Teatro de Ningures | TELMA E LOLA | 23-10-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 4,235.00 € |
| PI | Píscore | comedIA | 25-10-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 2,541.00 € |
| PI | DA.TE DANZA | Únicos | 01-11-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 2,556.85 € | 2,525.15 € |
| PA | Etiqueta Negra Producións | Dentro y Fuera - Pepe y Lucas | 06-11-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 3,100.00 € |
| PA | Redrum Teatro | A furia da amanita | 07-11-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 3,146.00 € |
| PI | Amarelo Cía | ¡Qué brisa, la risa! | 08-11-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 2,420.00 € |
| PA | Sarabela Teatro | O sangue das promesas: Incendios | 14-11-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 5,900.00 € |
| PA | LUIS BOYANO | "Retranca?e maxia" | 15-11-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 2,178.00 € |
| PA | Contraproducións S.L | Crónica do rei pasmado | 21-11-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 7,623.00 € |
| PA | Grupo Chévere | ICTUS | 27- | Auditorio | 0.00 € | 6,413.00 € |

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Anatomía de 'A derradeira leición' de Castelao | 11-2026 | Municipal de Vigo | | |
| PI | Teatro O Cubo | Voo | 29-11-2026 | Auditorio Municipal de Vigo | 0.00 € | 2,345.00 € |
| | | | | Total: | 2,556.85 € | 54,844.15 € |

**QUINTA.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

A xustificación do convenio presentarase de forma electrónica, a través da sede da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal/) e desenvolverase en dúas fases:

- **Ata o 30 de setembro**, data límite, deberá presentarse a documentación acreditativa do gasto comprometido ou do recoñecemento da obriga correspondente a cada unha das actividades incluídas no convenio, mediante conta xustificativa.

- Unha vez rematada a programación e **como data límite o 9 de decembro,** deberá presentarse o resto da documentación necesaria para a xustificación completa do convenio

A xustificación deberá conter a seguinte documentación

- Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión e data pagamento. Igualmente, serán válidos os documentos de gasto comprometido ou recoñecemento da obriga das actividades sempre que teñan data anterior ao indicado anteriormente.
- Informe do responsable da programación de que a realización da actividade desenvolveuse de acordo co establecido no convenio e, de ser o caso, deixará constancia de calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento da mesma.
- Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio

En calquera momento, a Axencia poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:
- Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.
- Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación do gasto comprometido neste convenio sexa inferior, a achega económica da Axencia minorarase de forma proporcional.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

O pagamento das cantidades estipuladas neste convenio por parte da Axencia realizarase previa solicitude da entidade, e efectuarase en dúas fases:
- O 50% do importe comprometido pola Axencia, trala sinatura do convenio, logo de acreditar as labores de coordinación e xestión da programación mediante a presentación dunha memoria explicativa das labores realizadas de cara ao cumprimento das obrigas que asumen en virtude do convenio.
- O outro 50% do importe ao remate da programación, unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

**SEXTA.-REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO**

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

**SÉTIMA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DA COLABORACIÓN DAS PARTES**

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométense a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso dos asinantes do convenio.

**OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO**

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

**NOVENA.-MODIFICACIÓNS E RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.

-O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

-O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

-O acordo unánime dos asinantes.

-A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

**DÉCIMA.-RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS**

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administración públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, https://notifica.xunta.gal. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesa deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

S.ord. 17/07/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

**DÉCIMO SEGUNDA .- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

**DÉCIMO TERCEIRA - NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaránselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

**DÉCIMO CUARTA.-VIXENCIA**

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**12(612).- ADDENDA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA REITORA DO CONSORCIO UNIVERSITARIO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DA AULA UNIVERSITARIA EXISTENTE EN VIGO. EXPTE. 25544/332**

Visto o informe de fiscalización do 09/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/06/2026, asinado pola xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ANTECEDENTES

I.- En data 8 de novembro de 2012 asinouse o Convenio de creación da Aula de Vigo da UNED entre a Xunta Reitora do Centro Asociado de Pontevedra e o Concello de Vigo, que fora obxecto de aprobación por acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de outubro de 2012

II.- Tendo en conta a necesidade de incluír no texto do convenio as condicións que durante os últimos anos foron regulamentando a vida académica e organizativa do Centro, e a adaptación ás previsións da lexislación vixente, que modificou tanto as competencias municipais como o propio réxime dos convenios interadministrativos, en data 16 de setembro de 2022 asinouse entre as partes un novo convenio para o mantemento na Cidade de Vigo da Aula de Vigo da UNED, cunha vixencia de catro anos, prorrogable por outros catro. Convenio aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xuño de 2022.

A cláusula cuarta do convenio recolle o prazo de vixencia do convenio dispoñendo que terá un vixencia de catro anos prorrogable por outros catro anos.

III.- Esta Aula Universitaria de Vigo é parte integrante do Centro Asociado á UNED en Pontevedra, creado por Orde Ministerial de data 27 de febreiro de 1973, para atender o Ensino Universitario a Distancia de todas aquelas persoas residentes na súa zona de influencia.

A apertura dunha Aula universitaria da UNED en Vigo, dependente do Centro Asociado de Pontevedra, foi aprobada polo Consello de Goberno da UNED en reunión de 10/10/2010, de acordo co aprobado pola Xunta Reitora do dito Centro Asociado en data 15/09/2010.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)

-Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).

- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG).

-Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)

-Regulamento de organización e funcionamento do Centro Asociado da UNED en Pontevedra.

-Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2026.

-Instrución 1/2019 da Secretaría de Goberno Local: funcionamento do rexistro electrónico de data 21/02/2019.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Obxecto: O presente expediente ten por obxecto a aprobación dunha adenda de prorroga do convenio de colaboración asinado en data 16 de setembro de 2022 entre o Concello de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

Vigo e o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra para o mantemento na cidade de Vigo da Aula de Vigo da UNED, creada mediante convenio de 8 de novembro de 2012.

A Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) é unha institución de dereito público que ten como finalidade esencial a prestación do servizo público de educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, facilitando o acceso e continuación dos estudos universitarios ás persoas que por razóns diversas elixan este sistema educativo.

O Concello de Vigo e o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra buscan colaborar en distintos ámbitos de interese recíproco, que permita a ambas as partes acadar de maneira satisfactoria os seus fins institucionais, de xeito que o conxunto da sociedade poida seguir avanzando no coñecemento e na innovación, desenvolvemento de accións que promovan a investigación nas ramas da ciencia, a técnica e a cultura e que permitan mellorar a formación dos cidadáns facilitando o seu acceso ao mercado laboral e redundando no progreso da cidade en xeral.

2.-Réxime xurídico: A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público define no artigo 47.1 os convenios como os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Atendendo ao apartado 2.a) deste mesmo artigo estamos ante un convenio interadministrativo, entendendo por tais os firmados entre dúas ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, Organismo Público ou Entidade de dereito público vinculado o dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Mediante este convenio o Concello e o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra manifestan a súa vontade de colaboración para facilitar o acceso aos estudos universitarios aos cidadáns de Vigo e ao tempo contribuír na defensa e promoción dos intereses sociais que lles son propios.

3.- Requisitos de validez e eficacia: O artigo 48 da Lei 40/2015 habilita ás Administracións Públicas e ás Universidades para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público como privado.

No que á Administración Local se refire o art. 57 da Lei 7/1985 dispón que "*A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso, mediante os consorcios e convenios administrativos que se asinen*".

4.- Competencia: O Concello de Vigo ten competencias para a xestión dos seus intereses e para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal de Vigo, en virtude do sinalado no artigo 25 da Lei 7/1985. Este precepto recolle tamén como competencias



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

propias do municipio a ocupación do tempo libre e a promoción da cultura e equipamentos culturais.

A Lei 7/1985 no seu artigo 7.4, dí que: "*As Entidades Locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e non se incorra no suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. A estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón de materia, no que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre sostibilidade financeira das novas competencias.*"

Non obstante, os concellos poderán seguir prestando competencias distintas das propias que xa viñan prestando en base a Lei de Galicia 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, que na súa disposición adicional cuarta estabelece que as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización  e sostibilidade da administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

Respecto a esta cuestión o Secretario Xeral de Universidades emitiu informe en data 27 de setembro de 2016 acerca do informe disposto no artigo 7.4 da Lei 7/1985, relativo á inexistencia de duplicidades na participación das entidades locais na constitución e xestión dos centros asociados da Universidade Nacional de Educación a Distancia. Neste informe logo de aclarar cal é o título competencial do Estado en relación coa UNED, sinala *"Sin perjuicio de lo anterior, y en base a las especiales características de la UNED, su implantación y fuerte estructura, esta Secretaria General , más allá de lo que pueda entender el respecto la administración autonómica respectiva, considera que, cabe entender, la no existencia de duplicidades en la participación de las entidades locales en la constitución y gestión de los centros asociados de la UNED".*

Por outra parte, os Estatutos do Consorcio Universitario Centro Asociado á UNED en Pontevedra, aprobados pola Xunta Reitora do Patronato do Centro Asociado en data 30 de novembro de 2016 e ratificados polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2016, recollen no artigo 11  que *"La junta Rectora del Consorcio podrá proponer a la Universidad la creación de Aulas para facilitar los estudios de los estudiantes que no residan en la zona donde el Centro Asociado tiene su Sede. Estas Aulas deberán ser previamente autorizadas por la Universidad. En los Convenios suscritos y aprobados por la Junta Rectora para el establecimiento de Aulas tendrán que consignarse la prestación docente y el presupuesto para cubrir la prestación."*

O orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2026 incorpora para este fin  a cantidade de 225.000,00 euros, concretamente na aplicación orzamentaria 3231.489.0000 "Transferencias titorías e profesorado aula UNED". Esta previsión orzamentaria responde ao interese desta Administración municipal de apoiar a continuidade na cidade de Vigo dos estudos universitarios nos distintos grados obxecto de Convenio e das actividades complementarias que se programan e desenvolven pola Aula da UNED.

S.ord. 17/07/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

5.- Suxeitos que asinan a addenda ao convenio e capacidade xurídica coa que actúan:

Por unha parte, asinará a presente prórroga de convenio o alcalde-presidente, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, á concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística.

Pola outra parte, asinará a prórroga do convenio don Luís López Diéguez, presidente da Deputación de Pontevedra, na súa calidade de presidente da Xunta Reitora do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED en Pontevedra, ente titular do citado Centro Asociado á UNED, como representante de dito Consorcio de conformidade coas previsións do artigo 14.a) dos seus Estatutos.

6.- Tramitación electrónica: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a Universidade está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

7.-Transparecia: O convenio queda sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de Transparencia.

8.- Recursos: De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985 e 210.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Educación e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- Aprobar a addenda de prorroga do convenio de colaboración asinado en data 16 de setembro de 2022 entre o Concello de Vigo e o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra para o mantemento na cidade de Vigo da Aula de Vigo da UNED, por un período de catro anos, desde o 16 de setembro de 2026 ao 15 de setembro de 2030.

- Aprobar e autorizar o gasto anual durante catro anos de 225.000,00 euros para facer fronte ao pagamento do compromiso municipal recollido no convenio a favor do Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, CIF Q3600439H, e aprobar con



Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

cargo á aplicación orzamentaria 3231.489.0000 "Transferencias titorías e profesorado aula UNED" das seguintes anualidades:

- 2026: 225.000 euros
- 2027: 225.000 euros
- 2028: 225.000 euros
- 2029: 225.000 euros

- Facultar á concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística para asinar a citada addenda de prorroga do convenio para o caso de ser necesaria a substitución do alcalde-presidente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE ADENDA DE PRÓRROGA DO CONVENIO ENTRE A XUNTA REITORA DO CONSORCIO UNIVERSITARIO DO CENTRO ASOCIADO Á UNED EN PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DA AULA UNIVERSITARIA EXISTENTE EN VIGO.

INTERVEÑEN

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Luís López Diéguez, presidente da Deputación de Pontevedra, na súa calidade de presidente da Xunta Reitora do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED en Pontevedra, ente titular do citado Centro Asociado á UNED, como representante do dito Consorcio de conformidade coas previsións do artigo 14.a) dos seus vixentes Estatutos.

E, doutra parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de alcalde-presidente do Concello de Vigo e como legal representante deste, de conformidade co estabelecido nos artigos 21.1.b) e 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como coo estabelecido no artigo 61.1.a) da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Os comparecentes na representación que ostentan e acreditan, e recoñecéndose a capacidade e os requisitos legais necesarios para formalizar e subscribir a presente Adenda.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que con data 16 de setembro de 2022 as partes subscribiron un Convenio de Colaboración para o mantemento da Aula universitaria da Universidade Nacional a Distancia existente en Vigo.

SEGUNDO: Que na cláusula terceira do devandito Convenio se recollen as obrigas que asumen tanto o Concello de Vigo como da Universidade Nacional a Distancia.

TERCEIRO: Que a cláusula cuarta do citado Convenio estabelece unha vixencia de catro anos prorrogable por outros catro anos.

CUARTO: Que é vontade das partes prorrogar o Convenio, cuxa vixencia finaliza o 15 de setembro de 2026, tal e como está previsto na súa cláusula cuarta.

En consecuencia, as partes acordan a presente Adenda, de conformidade ás seguintes



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: As partes asinantes acordan prorrogar o Convenio de Colaboración por un período de catro anos, desde o 16 de setembro de 2026 ao 15 de setembro de 2030.

SEGUNDA: O Convenio permanecerá en vigor nos mesmos termos que no mesmo se estabelecen.

E en proba de conformidade asínase a presente Adenda no lugar e data ao inicio indicados.

**13(613).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA XESTIÓN DO CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9423/224.**

Visto o informe xurídico de data 02/06/2026 e o informe de fiscalización do 07/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/06/2026, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de setembro de 2019, acordou aprobar a celebración do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI), que foi asinado polas partes o día 2 de outubro de 2019.

O convenio ten por obxecto regular a xestión e o mantemento do CEMVI establecendo o marco da colaboración entre o Consorcio e o Concello de Vigo e definindo as achegas e as obrigas e compromisos de cada unha das partes, de acordo sempre cos principios de atención de emerxencia, especializada e multidisciplinar.

O CEMVI, integrado na Rede galega de acollemento, ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres, e á súa prole, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirlles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación, se inicia o tratamento e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

O CEMVI garante unha atención continuada ás usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos.

Mediante a sinatura do convenio, o Consorcio Galego comprometeuse a asumir a xestión integral do CEMVI facéndose cargo de todos os gastos derivados do seu funcionamento e



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

equipamento. O Consorcio Galego debe xestionar o Centro de Emerxencia de acordo coa normativa aplicable en materia de centros de servizos sociais e de acollida para mulleres vítimas de malos tratos e coa súa propia normativa interna, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

a) Garantir a acollida no CEMVI das mulleres vítimas de violencia de xénero e das persoas delas dependentes derivadas polo Concello de Vigo.
b) A selección, a contratación e a dirección do persoal.
c) Garantir o cumprimento do regulamento e das normas de réxime interno e demais normativa vixente.
d) Elaborar o proxecto de intervención das mulleres aloxadas no dispositivo.
e) Con carácter xeral, todas aquelas xestións que se deriven da cesión.

O Concello de Vigo asumiu a obriga de ceder ao Consorcio Galego o uso do inmoble e do equipamento e mobiliario existente, así como o compromiso de contribuír ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento e mantemento do CEMVI cunha achega máxima anual de 241.000 euros, segundo o estipulado na cláusula oitava do convenio.

A cláusula décimo cuarta do convenio aprobado, de conformidade co establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), establece a duración deste convenio en catro anos comezando a súa vixencia dende a súa sinatura polas partes. Así mesmo, a dita cláusula dispón que o convenio poderá prorrogarse por catro anos máis, sen que a súa duración total poida superar o prazo máximo de oito anos. Cada unha das prórrogas será por un período dun ano de duración e precisará do acordo previo das partes e da aprobación da Xunta de Goberno Local antes da finalización da vixencia do convenio.

En base ao anterior, e dado que os catro anos do período de vixencia do convenio finalizaron o 1 de outubro de 2023 e que a terceira prórroga do convenio aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 24/07/2025 finaliza o 1 de outubro de 2026, o día 26/05/2026 o Servizo de Igualdade solicitou ao Consorcio Galego que comunicase ao Concello de Vigo a súa conformidade ou desconformidade coa continuidade do convenio, que se materializaría a través da aprobación pola Xunta de Goberno Local dunha cuarta (e última) prórroga do convenio, por un período dun ano de duración, que se estendería desde o día 2 de outubro de 2026 ata o 1 de outubro de 2027 (ambos incluídos).

Mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 27/05/2026 e número de documento 260132277 (anexado a este expediente), a Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar comunicou a súa conformidade coa continuidade do convenio e coa cuarta (e última) prórroga do dito convenio.



Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

A teor do exposto, este Servizo xestor valora procedente tramitar e propoñer a aprobación da cuarta prórroga do convenio, que comprenderá o período dende o 2 de outubro de 2026 ata o 1 de outubro de 2027 (ambos incluídos).

Para poder facer fronte aos pagos do convenio durante o período de vixencia da cuarta prórroga é necesario comprometer o importe total de 241.000 euros. O devandito gasto farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4539000 *Convenio Cons. Galego Igual. B.S Centro Emerxencia* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e do futuro exercicio 2027, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do Servizo de Igualdade, desagregado do seguinte xeito: 60.086,02 € para o presente exercicio económico e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2027.

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

**Competencias da Administración local:**

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, establece que os municipios exercerán en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades autónomas, entre outras, na materia de "*actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero".*
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que, no capítulo VI do Título Preliminar, regula os convenios das Administracións Públicas.
- A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local que, na *Disposición adicional segunda. Cooperación mediante consorcios o convenios administrativos,* dispón que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e a Administración da Comunidade autónoma, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, de acordo co artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, e poderá ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban.

**Dereitos das vítimas e normativa sobre igualdade e violencia de xénero:**

**A nivel internacional:**

- O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica de 2011 (Convenio de Estambul), vinculante para España desde 2014, que estipula a obriga das partes de establecer medidas e



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

servizos de apoio especializados inmediatos, a curto e a longo prazo, entre eles: o asesoramento psicolóxico, o asesoramento xurídico, a asistencia financeira, os servizos de aloxamento, a educación, a formación e a asistencia para a busca de emprego (artigo 20).

**A nivel estatal:**

- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21.2, estipula que as Entidades locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.
- A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, cuxo artigo 1 inclúe, dentro do seu obxecto, a prestación de asistencia ás mulleres, aos seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela ou garda e custodia, vítimas desta violencia, e dispón que a violencia de xénero a que se refire esta Lei comprende tamén a violencia que, co obxectivo de causar prexuízo ou dano ás mulleres, se exerza sobre os/as seus/súas familiares ou achegados/as menores de idade. O artigo 19, ademais, establece o dereito á atención integral para as vítimas, que inclúe os servizos de apoio e acollemento, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais conforme os principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.
- A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia que, no seu artigo 29, establece a obriga das administracións públicas de prestar especial atención á protección do interese superior dos nenos, nenas e adolescentes que conviven en ámbitos familiares marcados pola violencia de xénero, garantindo a detección destes casos e a súa resposta específica, que garanta a plena protección dos seus dereitos, e estipula que as actuacións das administracións publicas deben producirse dunha forma integral, contemplando conxuntamente a recuperación da persoa menor e da nai, ambas vítimas da violencia de xénero, concretamente, garantirán o apoio necesario para que as nenas, os nenos e adolescentes, de cara á súa protección, atención especializada e recuperación, permanezan coa muller, salvo se isto é contrario ao seu interese superior.
- A Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, que modifica determinados artigos da Lei orgánica 1/2004 co obxectivo de dar cumprimento ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O seu artigo 33 establece o dereito á asistencia social integral especializada e accesible para as mulleres, nenas e nenos vítimas de violencia sexual.
- O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero aprobado polo Congreso das Deputadas e Deputados o día 26 de febreiro de 2025, renovando e actualizando o



Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero do 28 de setembro de 2017, que recolle, no eixo de actuación *2. Resposta institucional: coordinación e traballo en rede*, entre outras, as seguintes medidas: asegurar e reforzar unha rede de servizos especializados de atención integral para a violencia de xénero en todas as súas formas, que garanta a atención en todo o territorio de mulleres e nenas menores de idade vítimas, e mellorar o apoio social, educativo, a formación e inserción laboral, as axudas e o acceso a casas de acollida ou pisos tutelados, vivendas públicas ou residencias de maiores.

- O Catálogo de Medidas Urxentes do Plan de Mellora e Modernización contra a violencia de xénero, aprobado mediante Acordo do Consello de Ministros/as do 27 de xullo de 2021, publicado pola Resolución do 28 de xullo de 2021 da Subsecretaría, que establece, dentro dos seus obxectivos, o de fortalecer o acceso próximo ás medidas de autonomía económica e o acceso á vivenda das vítimas e de seus fillos e fillas, con independencia da denuncia.
- A Resolución do 9 de xuño de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade do 21 de xullo de 2014, polo que se aproba o protocolo de derivación entre centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.

**A nivel autonómico:**

- A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que establece medidas para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como a protección e apoio ás mulleres que a sofren, e ás súas fillas e fillos e persoas dependentes dela. O artigo 1 desta Lei inclúe a violencia vicaria dentro do concepto de violencia de xénero e o seu artigo 3 considera como formas de violencia de xénero a violencia física, a violencia psicolóxica, a violencia económica, a violencia sexual e abusos sexuais, o acoso sexual, a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a violencia vicaria, e a violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller, a explotación sexual, e calquera outra maneira de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou liberdade das mulleres. O seu artigo 48, relativo á Rede galega de acollemento, define os centros de acollida como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo, e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou recuperación, que abrangue aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia. Ademais, a Lei establece que os servizos do sistema de protección e asistencia integral serán



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

de titularidade pública, municipal ou autonómica, correspondéndolle a súa coordinación e supervisión á Administración da Xunta de Galicia.

- O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, que inclúe, dentro da prioridade de actuación *8.3 Asegurar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero,* a liña de acción *8.3.2 Mellora dos recursos de asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás persoas ao seu cargo e garantía do seu acceso en contextos de emerxencia social (servizos de emerxencia, acollemento residencial, asistencia psicolóxica e xurídica, programas de inclusión sociolaboral, etc.)*, e a liña de actuación *8.3.7 Promoción de accións de colaboración con administracións, institucións e organizacións da sociedade civil para a mellora da coordinación e a atención ás vítimas de violencia de xénero*.
- A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que establece que a Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de igualdade, fomentará a coordinación e colaboración coas entidades locais en materia de sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero (art. 139.3.d).

**Acreditación de centros:**

- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que, nos artigos 12 e 13, establece que os servizos sociais comunitarios específicos desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espacio de tránsito a un servizo especializado, e que terán como función, entre outras, a atención directa a  colectivos con déficits de autonomía o en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas en medio aberto, en centros de carácter no residencial ou de carácter residencial temporal. Así mesmo, a Lei atribúe aos concellos a competencia para a  creación, xestión e mantemento dos servizos comunitarios específicos (artigo 60).
- A Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que define os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos como aqueles establecementos destinados a acoller durante un período determinado de tempo ás mulleres e, se é o caso, acompañadas das súas fillas e fillos menores ou incapacitados, que se encontren inmersas nunha problemática grave de malos tratos domésticos, inferidos polo cónxuxe ou persoa coa que manteña análoga relación de afectividade. A existencia de centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos ten como obxectivo, por unha banda, denunciar publicamente a violencia de que é obxecto en numerosos casos a muller dentro do seo do fogar familiar, concibindo a dita problemática como unha grave lacra social e, por outra, dun modo



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

prioritario, atender as necesidades individuais das afectadas e as súas fillas e fillos menores ou incapacitados.
- O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, que ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e o réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais.

**Normativa municipal:**
- O V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres de homes da cidade de Vigo 2026-2030, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 6 de febreiro de 2026 e ratificado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión do 23 de febreiro de 2026, que se estrutura en 8 grandes eixos para a intervención principal. O Eixo *VIII. Erradicar a violencia contra as mulleres. Axenda da cidade* inclúe 24 medidas e establece, entre outros, os seguintes obxectivos: reforzar os servizos e recursos dirixidos ás vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas, e mellorar a coordinación institucional e a atención integral ás vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas.
- A Resolución de Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (BOPPO núm. 133, do 9 de xullo de 2024), que delega na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en materia de igualdade, entre outras, as seguintes atribucións:
    - Xestionar e promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo.
    - Relacións co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o seguimento e coordinación da xestión que ese organismo realiza do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo.
    - Cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de igualdade.

Polo exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire este expediente, e previos os preceptivos informes xurídico e da Intervención xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"1º.- Aprobar a cuarta prórroga, dun ano de duración, do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI), que abrangue desde o 2 de outubro de 2026 ata o 1 de outubro de 2027 (ambos incluídos).

2º.- Autorizar o gasto de 241.000 euros para facer fronte ao pago da cuarta prórroga do convenio. O devandito gasto farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4539000 *Convenio Cons. Galego Igual. B.S Centro Emerxencia* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e do futuro exercicio 2027, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento futuro do Servizo de Igualdade, desagregado do seguinte xeito: 60.086,02 € para o vixente exercicio económico e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2027.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(614).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA (SADI) DIRIXIDO A MULLERES QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL. EXPTE. 12768/224.**

Visto o informe xurídico de data 08/07/2026 e o informe de fiscalización do 13/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/06/2026, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xuño de 2024, acordou adxudicar á entidade *Asociación de Mulleres Progresistas*, CIF G36657336, o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión do servizo municipal de atención domiciliaria da infancia (SADI) (expte. 12768-224) por un prezo total do contrato de 411.899,69 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.445,43 euros. A adxudicataria deste contrato é unha entidade social que non repercute o IVE na facturación. O prezo do contrato sen IVE, por tanto, é de 374.454,26 euros, a razón de 187.227,13 euros/anualidade.

O Concello de Vigo (a través da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal) e a entidade adxudicataria (a través da súa representante) asinaron o contrato o día 8 de xullo de 2024.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

A cláusula 4ª do contrato establece que o prazo do contrato será de dous anos, contados a partir do 2 de setembro de 2024, e contempla dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

O vindeiro 1 de setembro finaliza, pois, o período de vixencia de 2 anos establecido no contrato.

O apartado 3 da cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares establece que "este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie preaviso do servizo xestor, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. A aprobación da prórroga requirirá acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses".

Polo tanto, dado que o 1 de setembro de 2026 finaliza o período contractual e que están previstas dúas prórrogas de 1 ano de duración cada unha, este servizo xestor solicitou á adxudicataria que manifestase a súa conformidade ou non coa prórroga do contrato, que comprenderá o período do 2 de setembro de 2026 ao 1 de setembro de 2027 (ambos incluídos).

A Asociación de Mulleres Progresistas manifestou a súa conformidade coa prórroga do contrato mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo o 22 de maio de 2026 e número de documento 260129168.

Este órgano xestor informa de que a xestión do SADI por parte da adxudicataria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación da primeira prórroga anual do contrato.

A teor do exposto, cómpre propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación da primeira prórroga do contrato de 1 ano de duración, que comprenderá o período do 2 de setembro de 2026 ao 1 de setembro de 2027 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos pola prestación dos servizos contratados durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 187.227,13 euros (prezo dunha anualidade do contrato sen IVE). O devandito gasto farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279902 *Sadi Kanguros* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

do futuro exercicio 2027, condicionado a dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente no orzamento futuro, desagregado do seguinte xeito:

- Período comprendido entre o 2 de setembro e o 31 de decembro de 2026: 62.409,04 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279902 *Sadi Kanguros* e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.
- Período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de setembro de 2027: 124.818,09 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279902 *Sadi Kanguros* do orzamento futuro do Servizo de Igualdade previsto para o exercicio 2027.

Polo exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire este expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos os preceptivos informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"1º.- Aprobar a primeira prórroga de 1 ano de duración do contrato de servizos para a xestión do servizo municipal de atención domiciliaria da infancia (SADI) (expte. 12768 -224), que abrangue do 2 de setembro de 2026 ao 1 de setembro de 2027, ambos incluídos, coa entidade *Asociación de Mulleres Progresistas*, CIF G36657336, actual adxudicataria do contrato por Acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de xuño de 2024.

2º.- Aprobar o gasto de 187.227,13 euros para facer fronte aos pagos do contrato durante a vixencia da prórroga, desagregado do seguinte xeito:

- O importe de 62.409,04 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2311 2279902 *Sadi Kanguros* e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.
- O importe de 124.818,09 euros con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario adecuado e suficiente previsto para o futuro exercicio 2027 na aplicación orzamentaria 2311 2279902 *Sadi Kanguros* do orzamento do Servizo de Igualdade.

3º.- Notificar o acordo adoptado á adxudicataria.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(615).- CONTRATO DE SUBMINISTRO DA OBRA "TALISMANTA" DA PINTORA BERTA CÁCCAMO POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. EXPTE. 7991/337**

Visto o informe xurídico do 30/06/2026 e o informe de fiscalización do 08/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/05/2026, asinado polo director do Museo e conformado polo xefe de Museos Municipais, polo concelleiro delegado de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

Cultura, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

**ANTECEDENTES**
No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

– A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 13 de abril de 2026.
– Memoria económica de data 13 de maio de 2026, asinada polo director do museo municipal, o xefe do servizo de Museos e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
– Certificado de retención de crédito de data 20 de abril de 2026 (operación RC nº 12026000039508).
– Prego de prescripcións técnicas particulares (PPT) de data 13 de maio de 2026, asinado polo director do museo municipal, o xefe do servizo de Museos e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
– Memoria xustificativa, de data 20 de maio de 2026, asinada polo director do museo municipal, o xefe do servizo de Museos, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
– Informe, de data 20 de maio de 2026, da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

– Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 20 de maio de 2026, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Area, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2024, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros
delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou con data 13 de abril de 2026 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación por procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición da obra "Talismanta" da pintora Berta Cáccamo.

**Cuarto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo director do museo municipal "Quiñones de León", conformada polo xefe de servizo de museos e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral.

**Quinto**: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

**Sexto:** Na memoria xustificativa xustifícase entre outras cuestións:

➢ A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

**Sétimo:** No relativo á clasificación do contrato, polo seu obxecto corresponde ao tipo de subministros previsto no artigo 16 da LCSP, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. A adxudicación realizarase por sistema de procedemento negociado sen publicidade, en base ao regulado no artigo 168, a) 2º da LCSP, coa mandataria verbal designada polos propietarios da obra (Lucía Fraga Lago). O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP.

**Oitavo:** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Noveno:** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 21 de outubro de 2024.

**Décimo:** Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concellleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

**Décimo primeiro:** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do xefe do servizo de museos, do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO:**

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición da obra "Talismanta" da pintora Berta Cáccamo.

2º.- Aprobar o Prego de prescripcións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 13 de maio de 2026, redactado polo director do museo municipal "Quiñones de León".

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 20 de maio de 2026, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 25.000 € (vinte e cinco mil euros), exento de IVE, con cargo á aplicación presupostaria 3330.689.00.00 "adquisición de obra artística" do orzamento municipal vixente".

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(616).- BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ, ANO 2026. EXPTE. 12759/320**

Visto o informe de fiscalización do 30/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/06/2026, asinado pola técnica de Administración xeral (Resolución de 11/06/2026), polo concelleiro de Participación Cidadá e Distritos e



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

pola concelleira da Área de goberno e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

Con data 22 de abril de 2026, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, co conforme da concelleira de área de goberno de Política Social e Participación Cidadá, resolveu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciase a tramitación de expediente de "Bases reguladoras das subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2026".

O fin destas subvencións - que se integran na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES)* aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024. - é colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

> ** No Plan Estratéxico de Subvencions (PES), respecto das Subvencións en réxime de concorrencia competitiva previstas na Área de Participación Cidadá, apreciase a mención as seguintes contías máximas:*
>
> ***"Contía máxima subvencionada:***
>
> *- Gastos correntes: **350.000 €** (trescentos cincuenta mil euros).*
> *- Gastos de equipamento, obras e adquisición de inmobles: **200.000 €** (dous centos mil euros). "*
>
> *No detalle das aplicacións orzamentarias previstas para os anos 2024-2025-2026 imputase a totalidade das subvencións previstas para sufragar os "Gastos Correntes" (350.000,00 € anuais) na seguinte aplicación:*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Número 9240 4890015* | *Aplicación: subvencións a entidades cidadas actos comunitarios* | *Importe: 1.050.000,00.-€* | *Ano: 2024–2025-2026* |

*Se ben, cabe sinalar que o importe total de **1.050.000,00 €** correspóndese coa suma dos importes previstos nas seguintes aplicacións presupuestarias:*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Número 9240 4890000* | *Aplicación: "Subvencións a entidades cidadás"* | *Importe: 750.000,00.-€* | *Ano: 2024–2025-2026* |



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

| Número 9240 4890015 | Aplicación: subvencions a entidades cidadas actos comunitarios | Importe: 300.000,00.-€ | Ano: 2024–2025-2026 |
|---|---|---|---|

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

### *1. COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA*

Para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Se ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá.

### 3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

***4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCIÓNS***

A contía total destinada a estas axudas é de **100.000,00 euros (cen mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890015 denominada "Subvencións a entidades cidadás para actos socio comunitarios"** do vixente exercicio orzamentario. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de Subvencións de Galicia.

Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2025 e o 15 de outubro de 2026,** que se encadren nalgún dos seguintes programas:

·**Programa I**: subvencións para financiamento dos gastos derivados do alugamento de mesas, cadeiras e equipamento de son, así como, de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais,** cunha contía total de **30.000,00 euros.**

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €,** para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II**: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **19.000,00 euros** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **5.000,00 €.**

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **7.000,00 €.**

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III**: subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **45.000,00 euros** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a)** Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **5.000,00 €.**

**b)** Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas**,** cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

· **Programa IV.** Subvencións para contribuír ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores cunha contía total de **6.000,00 €.**
O importe máximo subvencionable será de **4.000,00 €,** para cada unha das entidades beneficiarias.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

***5. CONDICIÓNS E FINALIDADE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS E ENTIDADES BENEFICIARIAS***

Coa finalidade de dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e a Participación Cidadá, en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses da comunidade veciñal, a concellería de Participación Cidadá e Distritos convoca os seguintes programas de subvencións para colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, sempre que sexan abertas ao público xeral e de libre acceso e gratuíto:

·**Programa I**: **subvencións para financiamento dos gastos derivados do alugamento de mesas, cadeiras e equipamento de son, así como, de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares** por mor da organización de actos sociais e encontros veciñais no termo municipal de Vigo, celebrados por entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

2. Cultura e Arte
3.2 Festivas e de lecer
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa II**: **subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares** promovidos no termo municipal de Vigo por entidades festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico,** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

3.2 Festivas e de lecer
3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións),** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

3.2 Festivas e de lecer
3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa III**: **subvencións para o deseño e impresión de publicacións** promovidos por entidades, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

3.2 Festivas e de lecer
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**. Programa IV. Subvencións para contribuír ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade)** no termo municipal de Vigo celebrados por entidades inscritas no seguinte epígrafe do RMA:

6.6: Valores, étnicas e relixiosas

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para o outorgamento de ditas axudas.

***6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA***

Tal como dispón o artigo 22.1 da LXS, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, o cal se inicia de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG, levándose a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de conformidade cos criterios de avaliación das solicitudes



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

establecidos na Base 11ª da convocatoria na que se detalla a ponderación relativa atribuída a cada un deles, de conformidade co art. 60 do RLXS.

As principais novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- **Base 1ª Obxecto, finalidade e beneficiarios das subvencións:** elimínase a opción de entidades beneficiarias, as de carácter social e asistencial, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións no epígrafe 1. "*Asistencial e saúde".*
- **Base 3ª Gastos Subvencionables:** dentro do **Programa I**, amplíanse, como gastos subvencionables, os derivados do alugamento de mesas, cadeiras e equipamento de son, así como, os xa subvencionados en convocatorias anteriores ("**servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares").**
- **Base 4ª. Contía total e crédito orzamentario:** Neste suposto, o crédito total destinado a estas axudas non sufriu minoración respecto do importe consignado na aplicación orzamentaria correspondente ao ano 2026, polo que, a contía destinada a estas axudas é de 100.000,00 €.
- **Base 5ª. Anticipo a conta. Inclúese esta nova cláusula: "***Para facilitar a administración da axuda aprobada, poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da **contía total** da axuda outorgada polo Concello, previa petición razoada da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos."*
- **Base 5ª. Compatilibilidade da Subvención**
  Reescríbese o parágrafo onde se establece que as axudas non son compatibles con outras axudas municipais:

  > **"Non serán obxecto de subvención**, nin se terán en conta a hora de cuantificar os custes derivados da organización dos eventos ou proxectos, aqueles "**conceptos (carpa, mobiliario, son, libros...)**" que de maneira directa ~~ou indirecta~~, sexan sufragados total ou parcialmente, mediante calquera outro concepto orzamentario deste Concello de Vigo."

  Así mesmo, na **Base 14ª Prazo e forma de xustificación da subvención outorgada** – **Anexo VIII. Solicitude de Aboamento – Apartado 4º- Declaración Responsable,** engádese o seguinte parágrafo: *"Coa finalidade de evitar a duplicidade de facturas en subvencións municipais, implantase a necesidade de presentar unha nova declaración xurada na que se especifica que ningunha das facturas presentadas dentro dos gastos imputados ao proxecto subvencionado no servizo de Participación Cidadá, non foi presentado para xustificar outra subvención municipal:* ***<u>Anexo X</u> "Declaración de non coincidencia de facturas con outros proxectos do Concello de Vigo".***

- *Inclúese unha nova cláusula :* **Base 19 ª.- Devolución Voluntaria da Subvención***:*

  *"De acordo co establecido no artigo 90 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen previo requirimento da Administración, a devolución total ou parcial da subvención outorgada, mediante o seu ingreso na conta* ***ES48 2080 5000 6331 1007 0132*** *en concepto de*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*"DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DA SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS PARA O ANO 2026". O importe da devolución incluirá os xuros de mora, conforme ao artigo 38 da Lei Xeral de Subvencións, ata o momento no que se produciu a devolución efectiva por parte da entidade beneficiaria."*

### *7. SOLICITUDES: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN*

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra).

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados coas bases e que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### *8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS*

O procedemento de concesión das subvencións axustarase ao disposto na Base 12ª da convocatoria e arts. 20 a 24 da LSG, así como ao establecido na LPAC, no referente á presentación de solicitudes, a súa emenda, a instrución do procedemento, a resolución (no prazo de 5 meses), e a notificación electrónica.

O artigo 7.4 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

A Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias xenéricas en concelleiros de área de goberno e concelleiros delegados" dispón que, os Concelleiros/as Delegados/as da Área de goberno ostentarán, entre outras, a atribucións de impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada e no seu apartado K) a instrución dos procedementos de concesión de subvencións e reintegros así como a comprobación da xustificación da subvención. En data 25/09/2025 mediante resolución de Alcaldía modifícase a resolución de delegación de competencias da estrutura área de Goberno 2023-2027 de data 28/06/2023, onde se nomea como concelleira de área de goberno de Política Social e Participación Cidadá.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local "o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal".

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 18/06/2019 e 28/06/2024, é competente para aprobar as presentes bases reguladoras da convocatoria e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira de área.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

***9. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS***

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Concelleira de Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá, nos termos das delegacións de competencias efectuadas en data 30/09/2025, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO**:

**PRIMEIRO.- APROBAR** a convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das **"*Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2026*"** de conformidade co art. 23.2 da LXS, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, co fin de contribuír no desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, e por unha contía total de **100.000,00 euros (cen mil euros)** .

**SEGUNDO.- APROBAR**, como **modelos oficiais**, os 12 modelos normalizados:

1. Anexo I: Solicitude
2. Anexo II: Solicitude-Programa de actividades para o ano 2026
3. Anexo III: Solicitude-Orzamento
4. Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

5. Anexo V: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas
6. Anexo VI : Autorización expresa á consulta e verificación de datos
7. Anexo VII: Publicidade Corporativa-Cartelería
8. Anexo VIII: Solicitude de aboamento
9. Anexo IX: Memoria dos proxectos subvencionados
10. Anexo X: "Declaración de non coincidencia de facturas con outros proxecto do Concello de Vigo"
11. Anexo XI: Declaración responsable de non dedución do IVE
12. Anexo XII: Renuncia

**TERCEIRO.- PUBLICAR**, unha vez aprobadas, a **convocatoria e bases reguladoras** das "*Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2026*" en:

a) A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www. Vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG. A publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial de Provincia (BOP).

b) As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www. Vigo.org).

**CUARTO.- AUTORIZAR** o gasto, por importe de **100.000,00 euros (cen mil euros)**, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890015, denominada "*Subvencións a entidades cidadás*" do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos **Programas I** ("Gastos derivados do alugamento de mesas, cadeiras e equipamento de son, así como, de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares"), **Programa II** ("Gastos de organización de xogos populares"), **Programa III** (Gastos para o deseño e impresión de publicacións) e **Programa IV** ("Gastos para o desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores") das "*Subvencións para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2026*".

**QUINTO.- RECURSOS**: contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

**17(617).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 12775/320.**

Visto o informe de fiscalización do 10/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/07/2026, asinado pola técnica de Administración xeral (Resolución de 11/06/2026) e conformado polo concelleiro de Participación Cidadá e Distritos, pola concelleira da Área de goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 06/05/2026, Don José Ramón Girón García (DNI: 3321*****), en calidade de presidente da entidade "Saúde Mental FEAFES Galicia" (CIF: G15545353), achegou escritos (doc. 260114120, 260114157 e 260114144) solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2025-2026, entre os meses de outubro de 2025 a setembro 2026, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don José Ramón Girón García, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Saúde Mental FEAFES Galicia" , seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 02/04/2025.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 28/01/2025.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 02/04/2025.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 24/03/2025.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:



Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

| ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (01/10/25 - 30/09/26) | |
|---|---|
| Aluguer local | 7.024,05 € |
| **TOTAL** | **7.024,05 €** |

| ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2025 - 30/09/2026) | |
|---|---|
| Concello de Vigo | 5.000,00 € |
| Aportación de fondos propios | 2.024,05 € |
| **TOTAL** | **7.024,05 €** |

8. Contrato de alugueiro.
9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
   a) Fundamentación, obxectivos e metas
   b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
   c) Lugar de realización
   d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
   e) Recursos humanos e materiais
   f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Entidade Saúde Mental FEAFES Galicia", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 479/96, segundo resolución de data 29/07/1996.

V. O vixente exercicio orzamentario (2026) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2025, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 "*Convenio* Saúde Mental FEAFES Galicia", cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

VI. En data 29/06/2026 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e a Concelleira da Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá asinan a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 17/06/2026 da tesourería municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A instrutora por Resolución da concelleira de Contratación, Seguridade, Festas e Xestión Municipal de 11/06/2026 (expte. 49020-220), asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### *I. OBXECTO*

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (G15545353), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e alugueiro do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2025 ata setembro de 2026.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "Saúde Mental FEAFES Galicia".

Segundo recolle o art. 6 dos Estatutos de Saúde Mental FEAFES Galicia, entre os fins , de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✔ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivos.
- ✔ Esixir a adecuada atención sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✔ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinación e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.
- ✔ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando do poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✔ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✔ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✔ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✔ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✔ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### *II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES*

Dunha parte, asinará o presente convenio a Concelleira da Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (Resolución da Alcaldía de data 25/09/2025).

Doutra parte, asinará o convenio Don José Ramón Girón García, con DNI 3321*****, en calidade de Presidente da entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (CIF: G15545353), con domicilio social na Rúa Aragón, 147 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 12128/320.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

***III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA***

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conten co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público , o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

***IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA***

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase



Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2026), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

***V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO***

O importe do convenio de 10.000 € (a razón de 5.000 €/ano) imputarase con cargo á partida 9240 4800007 "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2026, que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2025.

A subvención prevista para o exercicio 2027 (en principio, 5.000,00 €/ano), estará condicionada ao cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento e ao mantemento desta liña de subvencións (*Liña 4.7- Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc.")* no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ao vixente PES 2024-2026.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á entidade "*Saúde Mental FEAFES Galicia*" son gastos de alugueiro e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

***VI. ANTICIPO***

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente



Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

***VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA***

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2026-2027), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/25 e o 30/09/27, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

O carácter plurianual do convenio ven motivado na necesitade de garantir un marco estable que facilite o funcionamento e desenvolvemento das actividades de interese xeral e veciñal, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento ou por inexistencia sobrevida das razóns que o xustificaron, quedando a anualidade futura subordinada á exixtencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2027 e á inclusión da liña de axudas no PES 2027-2029.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación da anualidade 2026 remata o **30 de setembro de 2026,** e á correspondente á anualidade 2027, rematará **o 30 de setembro de 2027.**

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

***VIII. PUBLICIDADE***

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

***IX. ÓRGANO COMPETENTE***

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

**X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

S.ord. 17/07/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da A Concelleira de Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá por Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO**

**PRIMEIRO: AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto de **10.000 €,** a razón de 5.000 €/ano (cinco mil euros/ano), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800007 denominada "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", incluída no vixente orzamento municipal de 2026. A achega correspondente ao exercicio 2027, estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento e ao mantemento desta liña de subvencións (*Liña 4.7- Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc.")* no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ao vixente PES 2024-2026.

**SEGUNDO.** - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade "*Saúde Mental FEAFES Galicia*" (CIF.- G15545353)", cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2025 e setembro de 2027, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 10.000,00 € (5.000 mil euros/ano).

**TERCEIRO. -** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL ENTRE OS MESES DE OUTUBRO DE 2025 A SETEMBRO DE 2026, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO**

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

## REUNIDOS

Dunha parte, Dona Yolanda María Aguiar Castro na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. José Ramón Girón García, con DNI 3321*****, en calidade de presidente de *Saúde Mental FEAFES Galicia* (CIF: G15545353), con domicilio fiscal en Rúa Belgrado, núm. 1 de Santiago de Compostela (A Coruña) e delegación en Vigo, na Rúa Aragón, 147 Baixo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 12775/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

## MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas, etc. inflúen entre a

poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociosanitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de defensa do colectivo de persoas con problemas de saúde mental, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas á defensa e atención sanitaria e social destas persoas e dos seus familiares, sendo, Saúde Mental FEAFES Galicia unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade "Saúde Mental FEAFES Galicia", ten, en xeral, como finalidade, a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✔ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivo.
- ✔ Esixir a adecuada atencións sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✔ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinación e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.
- ✔ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando dos poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✔ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✔ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✔ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✔ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✔ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, *Saúde Mental FEAFES Galicia* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 479/96 no epígrafe 1.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* leve a cabo os proxectos e actividades sociosanitarias planificadas, axudando economicamente ao financiamento dos gastos alugueiro do seu local social entre os meses de outubro de 2025 ata setembro de 2026, situado na Rúa Aragón, 147 Baixo, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2026), a partida orzamentaria nº 9240 4800007, denominada "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*" nominativa a favor da entidade, cunha consignación orzamentaria de 5.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da federación, mediante a colaboración no



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do seu local social entre outubro de 2025 ata setembro de 2026, situado na Rúa Aragón 147 Baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados para este ano, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

| **ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUEIRO E MANTEMENTO (01/10/25 - 30/09/26)** | |
|---|---|
| Aluguer local | 7.024,05 € |
| **TOTAL** | **7.024,05 €** |

VIII.- Que a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, sanitario, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociosanitario, asistencial, formativo, informativo e reivindicativo, dirixidas a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

## PACTOS

***Primeiro***.- A entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.

2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.
***Segundo***.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* unha subvención por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800007, denominada "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", do vixente orzamento municipal (2026), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do seu local social entre os meses de outubro de 2025 ata setembro de 2026, situado na Rúa Aragón, 147 Baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para este ano, en definitiva, para o fomento das mesmas. A achega correspondente ao exercicio 2027, estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento e ao mantemento desta liña de subvencións (*Liña 4.7- Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc.")* no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ao vixente PES 2024-2026.

2. Respectar a estrutura organizativa de *Saúde Mental FEAFES Galicia.*

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

***Terceiro***.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
***Cuarto***.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto**.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

***Sexto***.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

***Sétimo.***- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un **pago anticipado** de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente refrendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións con *Saúde Mental FEAFES Galicia.*

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

***Oitavo***.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende outubro de 2025 ata setembro de 2027.

***Noveno***.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase por *Saúde Mental FEAFES Galicia,* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. A beneficiaria ten como prazo máximo ata o **30 de setembro de 2026,** para a anualidade 2026**,** e ata **o 30 de setembro de 2027,** para a anualidade 2027 para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas dixiltalmente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

a) Solicitude de abono da subvención asinada electronicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electronicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarase** con **copias dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electronicamente,** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

– daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
– en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...

S.ord. 17/07/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de alugueiro, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

- correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

***Décimo***.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES47 2080 03 4833 3040010551 (ABANCA).
***Décimo primeiro***.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

***Décimo segundo.-*** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen, no período comprendido entre o 01/10/25 e o 30/09/27.

***Décimo terceiro***.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá. A xefatura do servizo de Participación Cidadá ou a persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

***Décimo cuarto***.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

***Décimo quinto***.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

***Décimo sexto***.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

***Décimo sétimo***.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

***Décimo oitavo***.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

***Décimo noveno***.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

S.ord. 17/07/2026

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en
www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

***Vixésimo***.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2026-2027),

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

**18(618).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DE NOMEAMENTO DE VIENTE E TRES BOMBEIROS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. OEP 2020-21-22. EXPTE. 45410/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/07/2026, asinado pola secretaria do órgano de selección do referido proceso, que di o seguinte:

D. Hugo Pérez Martinez mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de 26 de xuño de 2026 (documento 260174032) solicita formar parte da bolsa de emprego da convocatoria de bombeiro especialista xa que non figura na lista.

Revisada a documentación, actas e anuncios que integran o expediente nº 45410-220 Proceso selectivo para a provisión de vinte e tres (23) prazas de bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 1ª Fase da convocatoria, a secretaria do tribunal deste proceso selectivo **informa :**

En relación a estas fontes de subministración, resulta necesario prever a súa adecuación para adaptalas ao novo marco normativo, derivado da entrada en vigor do Real Decreto 3/2023 *polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministro*. Así, resulta necesario dotar as captacións dun sistema de filtración, ademais de mellorar as condicións dos elementos de peche, protección e vixilancia dos puntos de toma.

Estas actuacións permitirán mellorar a calidade da auga e facilitar un adecuado mantemento das instalacións municipais.

**V.-** A vista deste informe, con data 13 de xullo de 2026 o Concelleiro da Area de Goberno de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto **"MELLORA NAS CAPTACIÓNS DE BEADE E BEMBRIVE**

**VI.**- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de10 de abril de 2026. No caso de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.
Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto **MELLORA NAS CAPTACIÓNS DE BEADE E BEMBRIVE.**

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(621).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO NA RÚA CASTAÑAL E CAMIÑO MORROHOME (BEADE). EXPTE. 2679/441.**
Visto o informe proposta de data 14/07/2026, asinado polo técnico de Administración Xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC – Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un periodo con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos, que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021 e 10.04.26).

**III.-** No punto III, relativo aos "Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia" do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia FCC Vigo UTE da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 1O de xullo de de 2026 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO NA RÚA CASTAÑAL E CAMIÑO MORROHOME (BEADE)**
O devandito informe indica o seguinte:
*A tubaxe de abastecemento na rúa Castañal ven sufrindo reiteradas roturas. Trátase dunha tubaxe de diámetro 100 mm, que debido a súa antigüidade sufre frecuentes roturas debido*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*á fatiga do material (fibrocemento). O estado de deterioro da canalización non permite garantir que coas reparacións efectuadas ata o momento non se volvan producir novas roturas nun breve periodo do tempo, o que provoca unha afección sobre o acceso ao servizo de abastecemento de auga aos veciños da rúa. Ademais, as reiteradas roturas na rede da rúa Castañal supoñen un impacto en termos de perda de auga (dende que se produce a avaría ata que se corta a rede por parte dos servizos municipais) o que debe correxirse co fin de lograr unha xestión eficiente dos recursos hídricos dispoñibles, así como minimizar os posibles danos na contorna.*
*Cabe lembrar tamén que a Disposición Adicional 14ª da Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados, establece a obriga de que os concellos planifiquen a retirada daqueles materiais que conteñan amianto, como é o caso das tubaxes de fibrocemento.*
*Considérase igualmente conveniente renovar a tubaxe do camiño Morrohome e prolongar a condución ata a confluencia coa rúa do Lombeiro, rúa esta que conecta tamén coa rúa Castañal, e conseguindo así o mallado da rede, a fin de garantir unha mellor calidade da auga na contorna.*
*Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a renovación da rede de abastecemento na rúa Castañal e Camiño Morrohome é unha actuación necesaria que non debe demorarse.*

**V.-** A vista deste informe, con data 13 de xullo de 2026 o Concelleiro da Area de Goberno de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto **RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO NA RÚA CASTAÑAL E CAMIÑO MORROHOME (BEADE)**

**VI.**- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de10 de abril de 2026. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.
Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto **RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO NA RÚA CASTAÑAL E CAMIÑO MORROHOME (BEADE).**

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

**22(622).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE "SUBSTITUCIÓN E MELLORA DA CUBERTA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CANDEÁN". EXPTE. 6828/443.**
Visto o informe-proposta de data 14/07/2026, asinado pola técnica de xestión, polo técnico de Administración Xeral e polo xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O concelleiro delegado de Participación Ciudadá e Distritos, a concelleira de Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas Empresas e o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 29.05.2025 resolveron autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de obras da cuberta da Asociación Veciñal de Candeán, a favor da arquitecta Iria Urdampilleta Pérez .

**II.-** A dita arquitecta presenta trala fase de supervisión, proxecto de "SUBSTITUCIÓN E MELLORA DA CUBERTA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CANDEÁN", cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E DOUS MIL TRESCENTOS DEZANOVE EUROS con SETE CÉNTIMOS (82.319,07 €).

**III.-** O xefe da Área de Servizos Xerais informa que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta da xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 09.10.2025 resolveu iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

**III.-** A actuación se desenrola no edificio de Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán, sito no camiño Devesa, 23, 36317 Candeán (Vigo). O terreo onde se empraza o presente proxecto corresponde coa parcela de referencia catastral 7473901NG2777S0001BU. A parcela onde encontrase o inmoble ten unha superficie construída total duns 1.605 m2.

A obra que se propón, consiste na eliminación da tella cerámica e as pranchas de fibrocemento nos catro faldóns da cuberta e substituílas por panel sandwich, cun espesor mínimo de 4 cm. E reparar ou substituír os canlóns existentes, dándolles mais sección.
As obras contempladas no proxecto son as seguintes:
Actuacións previas:
• Desmontase de cobertura de tellas.
• Desmontase de cobertura de placas de fibrocemento con amianto por empresa especial RERA.
• Demolición de tabique para ampliación canlón oculto.
• Perforado do peto de cuberta para instalación de gárgolas.

Actuacións propostas:
• Colocación de canlón oculto de aceiro galvanizado de 30 cm ancho.
• Colocación de canlón visto de aceiro prelacado.
• Gárgolas de aceiro prelacado asentadas nos petos.
• Formación de cuberta con panel sándwich con illamento de e= 40 mm, incluído limatesas.
• Chapa pregada de aceiro galvanizado para encontro de cuberta con paramento vertical.
• Impermeabilización de encontro con chemineas e outros.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

• Substitución de baixantes e colector de conexión con canlón.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS (2) meses.

**IV.-** A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 13.07.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"De acordo ao Planeamento vixente no Concello de Vigo, Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025, a edificación situase no terreo que foi clasificado como solo urbano consolidado, equipamento deportivo (DPv-EQ-SC-323 Ex).*

*A actuación proxectada encadrase como obra de reforma/rehabilitación de instalación existente, destinada a mellorar condicións de seguridade, salubridade e funcionalidade da cuberta.*

*Non se plantea un cambio de uso, manténdose a instalación vinculada ao uso e á actividade do centro. A intervención xustifícase como actuación de mellora en dotación existente, destinada a conservar e actualizar a instalación, mantendo a súa función.*

*Ao tratarse de dotación existente e dunha intervención de reforma sobre unha peza xa implantada, o criterio urbanístico aplicable é manter a implantación existente, sen alterar aliñacións de vial nin xerar novas afeccións de ocupación.*

*A actuación pretendida supón un cambio de cuberta sen incrementar a altura da edificación existente polo que non será necesario solicitar autorización en zonas afectadas por servidumes aeronáuticas, tal e como se recolle no Anexo 04 do Proxecto.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."*

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de obras de **"SUBSTITUCIÓN E MELLORA DA CUBERTA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CANDEÁN"**, redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E DOUS MIL TRESCENTOS DEZANOVE EUROS con SETE CÉNTIMOS (82.319,07 €) e asinado dixitalmente o día 10 de xullo de 2026.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(623).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA A ORGANIZACIÓN E CONTROL DA CANDIDATURA DAS ILLAS CÍES A XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO. EXPTE. 9063/104**

Visto o informe xurídico de data 29/06/2026 e o informe de fiscalización do 06/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/05/2026, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira delegada de Turismo e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**Antecedentes:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 24/03/26
- Memoria económica de data 18/05/26, relativa aos seguintes extremos:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) ao que fai referencia o artigo 102 LCSP.

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

- Retención de crédito de data 20/05/26
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 18/05/26
- Memoria xustificativa de data 25/05/26 relativa aos seguintes extremos:

  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).

  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.

  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)

  - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).

  - Lugar de entrega dos servizos obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 25/05/26.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 25/05/26.

**Fundamentos de dereito**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 e posterior corrección de data 28.06.2024 a estrutura da administración municipal: Delegación de competencias e Decreto do Alcalde , Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, Turismo e Xuventude de data 25/09/25



Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 24/03/26 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**Segundo.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e146 LCSP), modificacións do contrato (artigo.207 da LCSP)

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ( disposición adicional 2ª .4 LCSP)

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de **CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA A ORGANIZACION E CONTROL DA CANDIDATURA DAS ILLAS CÍES A XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO**

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 18/05/26 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares 25/05/26 de data que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación.

**Tercero**:Aprobar o gasto polo importe máximo de licitación de 137.940,00€ sendo o importe correspondente ao IVE de 23.940,00€
O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.227.0602 "ESTUDIOS SOBRE ÁMBITO TURÍSTICO." e bolsa de vinculación.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Subvención nominativa a favor da Confraría do Santisimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas para o finanzamento do "Festival poético piro-musical Cidade de Vigo-Vila de Bouzas" 2026. Expte. 9097/104.

.- Adxudicación da contratación das obras do duodécimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. Expte.12967/307.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**24(624).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA CONFRARÍA DO SANTISIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA O FINANZAMENTO DO "FESTIVAL POÉTICO PIRO-MUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS" 2026. EXPTE. 9097/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 09/07/2026 e o informe de fiscalización do 15/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/07/2026, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira delegada, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

<u>ANTECEDENTES</u>

A "Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas" vén ocupándose da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas – Cidade de Vigo, a segunda quincena do mes de xullo, en honra do "Bo Xesús dos Aflixidos" e cuxo programa comprende tanto actividades lúdicas como relixiosas. Dentro de dito programa, e como principal e máis salientábel actividade, vénse celebrando no terceiro domingo do mes de xullo o chamado "Festival poético – piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas".

O dito Festival, declarado de interese turístico de Galicia desde o ano 2004, constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así como un dos máis prestixiosos da Comunidade autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seu seguimento e cobertura mediáticos, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. Todos estes motivos fan co que o Concello de Vigo considere necesario contribuír ó seu mantemento e financiamento.



Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

O Concello de Vigo e a “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” veñen asinando dende o ano 1996 convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

O Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de carácter popular, co obxecto de potenciar as tradicións e os costumes da nosa cidade.

O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO

Este ano 2026 as Festas do Cristo comenzan o 17 de xullo e rematan o 21 de xullo O Festival Poético Piro – Musical “Cidade de Vigo – Vila de Bouzas” ten lugar o día 19 despois da procesión do Cristo dos Aflixidos.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 64.845,06€.

DOCUMENTACIÓN

Por parte da Asociación presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención na data 26.06.26 e 03.07.26 que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de inscrición como asociación.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Recibo, e transferencia bancaria do pago do seguro

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas" para a organización do Festival Poético Piro – Musical "Cidade de Vigo – Vila de Bouzas" rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas" (G36690170) deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditada a concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN

A subvención nominativa prevé un gasto de 50.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 4320/4800005 do vixente programa orzamentario do Servizo de Turismo polos gastos que se xeraron como consecuencia da programación do Festival Poético Piro–Musical da vila de Bouzas.

S.ord. 17/07/2026

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A subvención do Concello de Vigo á asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleira-delegada de Turismo e Xuventude e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídicos e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención nominativa por importe de 50.000 € (cincuenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 4320/4800005, autorizar e dispoñer o devandito gasto á Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G36690170), para o cofinanciamento do Festival Poético Piro–Musical da Cidade de Vigo – Vila de Bouzas, organizado por esta entidade.*

*SEGUNDO.- A subvención rexerase en base aos seguintes PACTOS:*

***1º.-** OBRIGAS DA ENTIDADE*

*A "Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G-36690170) comprometeuse a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento do Festival Poético Piro – Musical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas que terá lugar na Baía de Bouzas o día 19 de xullo, en particular a:*

*1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto das obrigas recoñecidas pola entidade, achegando toda infraestrutura e equipo humano*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.*

*2º.- Asumir todos os gastos que se deriven desta subvención, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.*

*3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.*

*4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*

*5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.*

*6º.- Imprimir un total de cen carteis con motivo da festa, que a entidade beneficiaria distribuirá, cunha antelación mínima de dez días.*

*7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil que atende calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades que se achega ao expediente, a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente.*

*8º.- Deixar a zona da Bahía de Bouzas que se utilice para o Festival en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.*

*9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.*

*10º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

***2º.-** OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.*

*2º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa "Vigo en Festas 2026".*

*3º.- Conceder directamente á Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G-36690170), unha subvención por importe de 50.000,00 (cincuenta mil cen euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización do Festival Poético Piro – Musical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas*

*O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente subvención.*

***3º.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de subvencións.*

***4º.-** O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo desta subvención efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES36 2080 5016 0730 4002 0541 da entidade ABANCA e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.*

***5º.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor, o beneficiario ten a obrigación de solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*provedores, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades, e xustificar a elección entre as ofertas presentadas conforme a criterios de eficiencia e economía ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.*

***6º.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

***7º.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

***8º.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas (LPAC) a Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G-36690170), está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.*

*Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org*

*A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.*

*No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.*

***9º.-** A beneficiaria unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do 1 de novembro deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:*

*a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:*

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.*
- *As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*

*De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.*

***10º.-** No caso de que a Confraría se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento o que poderá realizar por medio*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

*dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

***11º.-*** *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico da subvención de 1 de xaneiro ao 31 de outubro.*

***12º.-*** *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Turismo do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Turismo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que podan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

***13º.-*** *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Turismo e Xuventude e pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

***14º.-*** *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

***15º.-*** *A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Confraría, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Turismo do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

***16º.-*** *O mecanismo de seguimento da execución desta subvención establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Turismo nas propias actividades programadas.*

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

***17º.-*** *A presente subvención terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2026 e non será prorrogábel.*

***18º.-*** *A Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude queda facultada para resolver as posibeis controversias derivadas da execución e interpretación desta subvención, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

***19º.-*** *En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaría da subvención a que se refire e procedemento para a sua apreciación e imposición estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

***20º.-*** *A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.*

***21º.-*** *A actividade obxecto desta subvención está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).*

*Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Turismo e Xuventude. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.*

*A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

***22º.-*** *En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.*

***23º.-*** *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(625).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI- VIGO NA FESTIVIDADE DO CRISTO DA VICTORIA DE VIGO 2026. EXPTE 2389/150.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 10/07/2026 e o informe de fiscalización do 16/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/07/2026, asinado polo xefe de Montes, parques e Xardíns, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administraciones Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependiente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

O artigo 25.2.a ) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 09/07/2014 por Resolución da Alcaldía delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións que sexan precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concello en data 15/03/2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 12/03/2026 e a proposta da Diocese de Tui – Vigo seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a proposta de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para financiar a Festividade do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo, por importe de **49.957,56 euros**

En data 02/07/2026 a Diocese achega a solicitude de subvención (doc. 260183240) para o financiamento das actuacións a desenvolver achegando ao efecto a memoria da actividade, presuposto, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e certificado de representación.

O convenio instrumenta unha subvención deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No presuposto do Concello consta a partida **9120.4800000** (CONV.DIÓCESISTUI-VIGO, FESTIVIDADE CRISTO e S.SAN), achegándose ao expediente a autorización da imputación do gasto asinada pola concelleira de concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 04/02/2026 por importe de 51.000 euros (cincuenta e un mil euros) á referida aplicación orzamentaria dos orzamentos de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

daqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estos efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que se concretan no apoio ás actividades vinculadas coa celebración do Santísimo Cristo da Victoria, que contribúen á promoción cultural da nosa cidade, debido á gran afluencia de persoas que acoden ás celebracións, e na importancia destas na organización da procesión do Cristo da Victoria, símbolo indiscutible da nosa cidade.

A concesión da subvención directa instruméntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco.

Neste senso, conforme o sinalado no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consta memoria xustificativa sa subvención. Así mesmo consta proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

Dita subvención instruméntase mediante sinatura de convenio específico para o financiamento das actividades relacionadas coa Festividade Santísimo Cristo da Victoria de Vigo por importe de **49.957,56 euros**, con cargo aos créditos orzamentarios na partida **9120.4800000** (CONV.DIÓCESISTUI-VIGO, FESTIVIDADE CRISTO e S.SAN) do presuposto municipal 2026.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo na festividade do CRISTO DA VICTORIA DE VIGO 2026 (Anexo I)

**SEGUNDO.-** Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de **49.957,56 euros** imputándose á partida presupostaria **9120.4800000** (CONV.DIÓCESIS TUI-VIGO, FESTIVIDADE CRISTO e S.SAN) do estado de gastos do presuposto.

**TERCEIRO.-** Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I**

**CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DO CRISTO DA VICTORIA DE VIGO 2026**

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía-Presidencia de data 9 de xullo de 2024.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diócese de Tui-Vigo, con NIF ***8257>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante "Diócese"

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a ) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras, protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III- .- Que, o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou o convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta de realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 12 de marzo de 2026 a proposta da Diocese de Tui – Vigo, acordou a colaboración do Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo na organización e financiamento das actuacións relacionadas coa festividade do Cristo da Victoria de Vigo.

V.- A Procesión do Santísimo Cristo da Victoria leva celebrándose en Vigo desde hai máis de douscentos anos, cando, tras a liberación da ocupación francesa, o 28 de marzo de 1809, a corporación municipal decidiu organizar anualmente unha procesión transportando a imaxe do Cristo polas rúas da cidade, acompañada das autoridades e do pobo. Inicialmente a procesión celebraríase o día da Reconquista pero desde o ano 1883 pasou a desenvolverse o primeiro domingo de agosto. Desde entón milleiros de persoas veñen participando nela con gran devoción, converténdose nun símbolo indiscutible da cidade converténdose por si mesma e, con independencia da súa transcendencia relixiosa, nun polo de atracción turístico da cidade, en canto a número de asistentes.

IV.- Que no orzamento do Concello consta a partida 9120.4800000 (CONV.DIÓCESISTUI-VIGO, FESTIVIDADE CRISTO e S.SAN) e que consta no expediente 2389/150, a autorización da imputación do gasto, asinada pola concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 04/02/2026, á seguinte aplicación orzamentaria 9120.4800000 (CONV.DIÓCESISTUI-VIGO, FESTIVIDADE CRISTO e S.SAN).

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio especifico de colaboración con arranxo ás seguintes,

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRO.-OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración e as obrigas entre o Concello de Vigo e Diocese de Tui-Vigo que do mesmo se deriva nas actuacións que conforman a festividade do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

**SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES**

O Concello de Vigo comprométese a:

a) Organizar o acto do Pregón do Santísimo Cristo da Victoria, previsto nos xardíns do Parque de Castrelos, que dará comezo ao programa de actividades.

b) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

c) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.

d) Colaborar na promoción do evento nos distintos medios de comunicación.

e) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula terceira.

A Diocese Tui Vigo comprométese a:

a) Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.
b) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
c) Obter todos os permisos e autorizacións que no seu caso sexan necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...).
d) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 254/22702964 de UMAS Unión Mutua Asistencial Seguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.
e) Xestionar medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.
f) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
g) Publicitar en todas as actividades incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada, que, previamente deberán ser validados pola Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais antes da súa publicación.
h) Comunicar á Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

i) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**TERCEIRA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

O orzamento total da execución dos traballos ascende a **49.957,56 euros**

O Concello de Vigo contribuirá oa financiamento da actuación coa cantidade de **49.957,56 euros** (IVE incluído ) equivalente ao custo da actividade.

Este financiamento realizarase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 9120.4800000 (CONV.DIÓCESISTUI-VIGO, FESTIVIDADE CRISTO e S.SAN), constando no expediente autorización da imputación do gasto asinada pola concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data **04/02/2026.**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

1.- O prazo de xustificación finalizará o 15 de novembro de 2026. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org e incluirá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluirá unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

S.ord. 17/07/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

**QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN**

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria ABANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

O Concello xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, tras a entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a achegada na solicitude non expirou no prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Distritos do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

**SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN**

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

**SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

O período de vixencia do acordo comprende dende o **24 de xullo ata o 2 de agosto do 2026."**

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

**OITAVA.- REINTEGRO**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Tal e como establece o art. 32.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o importe da subvención fíxase como unha achega certa, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para o total financiamento da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebasara o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscrición da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

A resolución de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado
Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade

**DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

**DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán

S.ord. 17/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24
Documento asinado

ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

**DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

En cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

**DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdicional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

## 26(626).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado

Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/xs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 31/07/2026 09:22:24

Documento asinado



Data sinatura: 31/07/2026 CSV: A1B6B7-E2C439-ABCH43-A6269M-A7H8NS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2127-1102 Aprobado por XGL 24/07/2026